

C U R S O S E C O N G R E S O S

Andar, camiñar, marchar...

Actas do XV Curso de Primavera

Lugo

10-12 de abril de 2019



EDICIÓN A CARGO DE
Felipe Arias
Max-Jean Zins

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

publicacións

Andar, camiñar,
marchar...

CURSOS E CONGRESOS DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
N.º 258

Andar, camiñar, marchar...

ACTAS DO XV CURSO DE PRIMAVERA
Lugo,
10-12 de abril de 2019

EDICIÓN A CARGO DE
Felipe Arias
Max-Jean Zins



This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>



Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es/>



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

Maqueta

Sabela Eiriz

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.gal/publicacions

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/cc.2021.1298>

Peregrinacións e as outras visións do andar humano e animal

- O valor dos camiños históricos
(Preguntas retóricas contra unha fraude)* 55
Ricardo Polín

Comitivas, desfiles, marchas, carreiras...: A realidade e o imaxinario

- Marcher vers La Mecque
Enjeux politiques du pèlerinage par voie de terre* 71
Luc Chantre
- Las marchas de las mujeres en América Latina:
por un pacifismo ecofeminista* 87
Nathalie Ludec

A muralla de Lugo como escenario de andainas

- A muralla na historia cotiá luguesa* 109
Adolfo de Abel Vilela
- El retorno económico de la Muralla de Lugo* 113
Luis Latorre Real
- A muralla no tráfico de vehículos e persoas* 119
Enrique González Fernández
- A muralla, ben patrimonial e reclamo turístico* 127
Paloma Vázquez Fernández

As grandes migracións humanas. Variantes e evolución histórica

- Las migraciones humanas en el
mundo actual: una síntesis geográfica* 137
Antonio Doval Adán
- Estraperlar coa liberdade.
O negocio dos pasaportes en Lugo durante o franquismo* 157
Tamara López Fernández
- Migrantes por amor: del deseo a la sospecha* 165
Jordi Roca Girona

PRESENTACIONES

O tema elixido para o Curso de Primavera de 2019, Andar, camiñar, marchar, vén conectar co máis fondo da nosa condición de galegos, que tanto percorremos con agarimo, e de vagar, a nosa xeografía, os camiños entre o millo, de Rosalía, ou o milenar adarve da Muralla de Lugo, como tamén elevamos á categoría de movemento de masas as grandes peregrinaxes a Compostela.

Neste volume recóllense achegas que abranguen múltiples manifestacións do que podemos chamar a arte de andar, desde múltiples perspectivas que nos interpelan como seres humanos. Malia todo, este ano os organizadores tiveron o acerto de ir máis aló do puramente humanístico para internarse noutros terreos, estendendo o estudo a diversas ramas da medicina, e mesmo das ciencias veterinarias.

Neste senso, hai que gabar o traballo que tanto Felipe Arias como Max Zins fixeron na organización do propio Curso de Primavera, pero tamén na súa cotiá aportación ao desenvolvemento da Universidade en Lugo. No momento de se incorporaren aos seus despachos na Facultade de Humanidades, baixo a figura de profesor ad honorem, ambos tiñan detrás unha sólida reputación profesional e investigadora.

Felipe Arias está ligado de xeito inesquecible ao impulso e labor de dirección do gran proxecto arqueolóxico e museolóxico do Castro de Viladonga. Tamén é recordado o seu paso pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, o que fai del un referente de obrigada consulta en todo o que ten que ver coa conservación dos nosos tesouros patrimoniais.

Max Zins, pola súa banda, recalou no Campus de Lugo acabado de chegar do Centro Nacional de Investigacións Científicas de Francia, e da Universidade Pantheon-Sorbonne. Son innumerables os seus traballos de sesgo sociopolítico e antropolóxico, destacando a profunda reflexión feita sobre as civilizacións de Asia e da India.

Con estes alicerces, os resultados deste encontro científico estaban garantidos e por isto teño a gran satisfacción de presentar neste momento o presente volume que se engade a unha xa longa serie de actas do Curso de Primavera, dentro do programa Lugo Cultural, agradecendo o apoio incondicional tanto da Deputación Provincial de Lugo como do Concello de Lugo.

Montserrat Valcárcel Armesto

Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo

O Curso de Primavera organizado no Campus Terra de Lugo pola Facultade de Humanidades da USC é xa unha das citas máis importantes da nosa cidade no que se refire á divulgación do coñecemento e da reflexión humanista sobre diferentes conceptos, temáticas e disciplinas que se desenvolven no ámbito sociocultural e antropolóxico e que aparecen como manifestación da especie humana ou dos colectivos e comunidades das que esta é creadora, participante e actriz principal.

Ao longo de quince edicións o Curso de Primavera foi artellado en base a unha lóxica de diálogo construído, na procura dunha retroalimentación entre as persoas participantes. O debate aparece intencionadamente no decorrer dos relatorios e actividades complementarias de cada unha das edicións co obxectivo de ser útil tanto de xeito directo e práctico no cotián, como de fomentar a reflexión e o pensamento crítico atemporal. Esta dialéctica procurada axúdanos a ampliar a visión que temos de nos mesmas na nosa contorna humana, na nosa contorna xeográfica e tamén das nosas accións individuais ou colectivas.

Nesta edición de 2019 falouse de andar, de andainas, de camiñantes e de camiños desde unha perspectiva multidisciplinar. Comezando no simple feito de satisfacer a necesidade de desprazamento individual; pasando polo benestar físico e mental da persoa e chegando á xeración de fenómenos colectivos, políticos, relixiosos ou místicos que ese desprazamento, nun principio funcional, remata por ter.

A camiñante realízase como figura anónima en espazos, momentos e colectivos humanos concretos, pero tamén pode chegar a ser faísca dun proceso de transformación social. O camiño pode desfacerse nos propios pasos da persoa que camiña ou manterse no imaxinario colectivo da humanidade cunha pervivencia no tempo independente dos individuos que del participan. Esa independencia do humano como ser vivo, do momento camiñado ou do espazo concreto transitado; fai do camiño experiencia, ser inmaterial e fenómeno; o cal non implica a inexistencia dun percorrido xeográfico concreto e definido que, segundo os casos, tamén será elemento principal.

Marchemos pois con renovada enerxía, impulsadas por este exercicio de reflexión transversal presentado durante a primavera de 2019 e que sen dúbida ha sernos de utilidade na andaina contínua que é a vida.

Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Vicepresidenta da Deputación de Lugo

(Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística)

Tenenta de Alcaldesa e titular da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua



INTRODUCCIÓN

CURSO DE PRIMAVERA 2019 ANDAR, CAMIÑAR, MARCHAR

Facultade de Humanidades (USC, Lugo)
10-12 abril 2019

Introdución xustificativa

Como coordinadores do Curso de Primavera celebrado en abril de 2019 na Facultade de Humanidades de Lugo, baixo a supervisión xeral da súa, entón, decana M^a Isabel González Rey, á que agradecemos fondamente o seu decidido apoio e colaboración, debemos escribir unhas liñas para xustificar a súa organización e celebración.

Existe unha abundante literatura sobre o tema do camiñar, do feito de andar das persoas e dos animais. De xeito xeral, a marcha enfócase de dúas maneiras diferentes, cun dobre enfoque que denominamos «apoloxético» e «bio-tecnolóxico».

No caso do *enfoque apoloxético* os autores céntranse en enumerar os beneficios do feito de camiñar. Máis aló das súas observacións e análises do fenómeno obxectivo que é o andar, autores como David Le Breton (*L'Éloge de la Marche*, Metailié, Paris 2000) (en castelán *Elogio del Caminar*, Siruela, Madrid 2012) ou Henry-David Thoreau (*De la Marche*, Thierry Gillyboeuf, Fayard, Paris 2003) (en castelán, *El Arte de Caminar: Tras los pasos de Henry-D. Thoreau: Walking, un Manifiesto inspirador*, Antonio Casado, Nuevos Emprendimientos Editoriales, 2009), ambos os dous apóianse case sempre na súa propia experiencia física e subxectiva, co fin de demostrar as vantaxes corporais e mentais que proporciona este exercicio. Así, as súas obras revélanse a miúdo de índole autobiográfica, e os seus lectores séntense identificados xa que son, eles mesmos, os suxeitos do andar.

Como afirma Rousseau, a quen –como a Kant e moitos outros pensadores– lle gustaba pensar andando («O andar ten para min algo que me anima e aviva as miñas ideas»), tamén Le Bretón explica que o camiñar representa unha forma de liberación de si mesmo e unha ventá aberta ao mundo. Destaca os vínculos entre o camiñar e a natureza, os ritmos biolóxicos e a percepción dun tempo no que non existen nin a urxencia nin a présa. En resumo, di que camiñar é unha forma de harmonía que reconcilia o ser humano consigo mesmo e co resto do mundo. Thoreau, que andaba polo menos catro horas ao día e que foi un dos primeiros pensadores en integrar sistematicamente a natureza, a paisaxe e a biosfera na súa filosofía, e en seguir regras de vida que hoxe definiríamos como ecoloxistas, sostén que camiñar é fundamental para manter unha relación saudable cun mesmo e co planeta pois é unha actividade do corpo e da mente evidentemente positiva. Este autor tivo unha grande influencia sobre o dirixente indio M.K. Gandhi e as súas prácticas de loita non violenta contra o colonialismo británico.

No caso do *enfoque bio-tecnolóxico*, os seus tratadistas analizan os mecanismos do camiñar. Estudan o feito de poñer un pé diante do outro e analizan a mecánica corporal da marcha. Temos aquí varios autores ligados ao sector da saúde, da medicina e da enxeñería médica, así como especialistas da reconstrución virtual e das novas e altas tecnoloxías. O camiñar convértese en obxecto de estudos desde o prisma das ciencias cinéticas (movemento, velocidade, medidas de pasos, etc.), cinemáticas (movemento dos corpos, traxectorias e configuracións dos distintos segmentos corporais, efectos da rapidez da marcha e da modificación do ritmo, etc.), ou da enerxía (gasto enerxético, quentamento, etc.). A maioría destes estudos rematan en modelos matemáticos con finalidade práctica nos campos da saúde, a hixiene ou o deporte (próteses, perfís dos bastóns e muletas, ergonomía das mochilas, etc).

Pola nosa parte, recoñecendo o valor heurístico dos enfoques anteriores, eliximos un terceiro enfoque, que pretende ser *exhaustivo* ou *compreensivo* (*comprehensive*) porque o seu obxectivo será estudar ao mesmo tempo as características do camiñar e o andar desde moi diferentes puntos de vista (filosófico, antropolóxico, psicolóxico, xenericamente cultural...), as súas múltiples consecuencias (políticas, sociolóxicas, mesmo económicas...), e o espectro creativo que o andar xera na expresión literaria ou en calquera outro tema. Distinguimos, así, catro bloques de reflexión para organizar o proxecto e o programa deste Curso de Primavera de 2019.

Nun *primeiro bloque*, sobre as características xerais do andar, podemos ver, polo menos, tres importantes características do camiñar:

- Como demostra o enfoque apoloxético, o camiñar é un movemento corporal eminentemente persoal, pois cada ser ten o seu propio xeito de marchar; en primeiro lugar porque non hai dous corpos absolutamente idénticos, e por outra parte, porque a relación que se establece entre o corpo camiñando e a mente é un fenómeno totalmente individual. A maioría dos autores insisten sistematicamente no individualismo do camiñar, como Rousseau, que escribe: «Nunca teño pensado tanto, existido e vivido, nin fun tan eu mesmo, se se me permite a frase, como nas viaxes que fixen a pé e só»

- Como indican as análises bio-tecnolóxicas, o camiñar xera unha perda de enerxía reducida (ao revés do que ocorre nunha carreira); iso fai que o ser humano poida camiñar durante horas sen desgastarse fisicamente con tal de camiñar consonte as súas posibilidades e ao seu propio paso, isto é, conforme á súa «individualidade».
- Ao contrario do que sucede no reino animal, aprender a camiñar é, para un neno, un proceso relativamente longo, e continuará sendo ao longo da súa vida un proceso de experimentación do seu propio corpo que se repite continuamente, «ao diapasón dos seus pasos». Este proceso, que fai do corpo humano un laboratorio, ten moitas consecuencias. Podería, por exemplo, participar na explicación segundo a cal os ascetas, que consideran os seus corpos como un lugar de experiencia íntima, séntense atraídos polo camiñar nalgúns países como a India, Tíbet ou Xapón, algúns deles explicando que a marcha actúa para eles como «unha cociña interior queimando o corpo e a mente». Isto tamén podería explicar a fascinación da xente mirando os peregrinos andando polo camiño e preguntándose se eles poderían facer o mesmo. A experiencia dos camiñantes non se fundiría coa de calquera ser humano? O andar non sería a mellor maneira de transcender decenas, centos ou miles de proxectos individuais nun proxecto colectivo?

Nun *segundo bloque*, sobre as características do andar no campo da socioloxía, da política ou da historia, entre outras disciplinas, podemos reflexionar, por exemplo, sobre o feito de que o camiñar, posto que non é unha cuestión de forza muscular (ao contrario da marcha militar co paso compasado), poida ofrecer ás mulleres un modo de acción significativo. Gandhi foi o primeiro líder político da India en unir millóns de homes e mulleres na loita anticolonialista, porque utilizou sistematicamente a marcha como un xeito de contestación contra a dominación británica. A revolución francesa do s. XVIII comezou cunha marcha de mulleres andando de París a Versalles para pedir pan ao rei. As andainas semanais das «Madres de la Plaza de Mayo» marcaron o inicio da contestación contra a ditadura de Videla na Arxentina. E se as mulleres sentisen atracción polo camiñar porque esta forma de loita é de natureza pacífica, dilixente e teimuda? Os estudos de xénero son unha parte importante deste Curso, ao igual que o fan, noutros campos, os estudos sociolóxicos sobre o camiñar na xeografía humana, por ex. o papel dos desfiles e comitivas na definición do espazo urbano, o papel das peregrinacións na estrutura territorial, etc.

No terceiro bloque, sobre as diversas formas do andar, camiñar e marchar, o enfoque será comparativo, pluridisciplinar e internacional, aínda que España ofrezca un espectro moi extenso de estudos de caso (peregrinacións a Compostela, procesións relixiosas, marchas políticas e sociais e mesmo militares, transhumancia, migracións, etc). Por razóns obvias, Galicia é un lugar privilexiado no que se pode acometer este tipo de reflexións, pois a peregrinación a Santiago é un dos eventos cosmopolitas máis importantes e coñecidos do mundo. Existen, por descontado, outros lugares importantes de peregrinación en Europa, nos Países Árabes, na India, en Paquistán, ou no Xapón,

como aquí se pode comprobar. Pero ningún deles atrae a tantas persoas de horizontes xeográficos, relixiosos e ideolóxicos tan diversos, e Lugo é un punto e unha etapa fundamental dentro do Camiño Primitivo, o primeiro en existir cara a Compostela.

Por último, nun *cuarto bloque* pódese ver o papel do camiñar e do andar no imaxinario literario. Non hai máis que lembrar o poema de Antonio Machado, «Caminante no hay camino, se hace camino al andar...», que é sen dúbida paradigmático, pero hai outros exemplos de estudos de casos significativos no ámbito poético, narrativo, etc.

O Curso de Primavera que se propuxo no seu día e que se puido celebrar co apoio do programa interinstitucional Lugo Cultural, foi multidisciplinar e internacional. No programa concreto e definitivo do Curso, que se pode ver nestas Actas, poderase comprobar a repercusión que moitos dos temas tratados tiveron e teñen en moitos ámbitos da cidadanía e, ademais, hai que destacar a dedicación e a calidade das distintas intervencións producidas no Curso, tanto nos relatorios encargados expresamente como nas diferentes mesas redondas sobre diversos aspectos relacionados, directa ou indirectamente, co tema global escollido. Pódese dicir o mesmo sobre os debates producidos, tanto dentro como fóra das sesións de traballo, que suscitaron unha grande atención e interese, e, neste sentido, os coordinadores queremos agradecer a colaboración dos profesorado da Facultade de Humanidades que presidiron e moderaron, con amplos coñecementos e gran destreza, aqueles debates. Igualmente agradecemos de forma moi especial a boa disposición dos participantes que accederon a enviar os seus textos para estas Actas, ó tempo que comprendemos as razóns dos que non puideron ou non quixeron facelo por escrito pero si participaron nas sesións de traballo.

Así, nos relatorios e debates do Curso tratáronse os seguintes *temas*:

- Unha inicial reflexión teórica sobre a significación do camiñar. Analizáronse as propiedades do andar e as súas implicacións, contando coa opinión de médicos e de veterinarios, pois o andar dos animais está ligado ao camiñar e marchar dos humanos. A cuestión era entender o que conecta a mente e o movemento do corpo andando, e as implicacións ou as consecuencias que isto poida ter en moi diferentes campos, tanto da vida humana como na dos animais.
- Unha especial atención ó mundo das peregrinacións, no máis amplo sentido, tanto en Europa como nos Países Árabes (A Meca) ou no mundo asiático (como o camiño xaponés de Kumano), e por suposto, unha sesión especial dedicada á peregrinaxe a Compostela, contemplada desde diferentes puntos de vista, incluído o relixioso ou eclesiástico, xa que sen el non se pode entender este fenómeno do andar dirixíndose á presunta tumba dun Apóstolo de grande incidencia en boa parte de Europa.
- Unha reflexión sobre marchas, comitivas e desfiles, de carácter relixioso, social, político, festivo, militar, etc. Sociólogos, antropólogos, historiadores e outros especialistas tiveron un papel importante á hora de tratar estes temas, con especial referencia á marcha do sal de Gandhi na India.

- A cidade de Lugo coa súa muralla ocupada por camiñantes de todo tipo, tanto nativos como foráneos, pode ofrecer un campo de investigación e debate moi interesante, a propósito da socialización e ocupación dun espazo patrimonial e turístico, de recoñecemento mundial.
- Unha análise sobre as migracións humanas en moitas das súas variantes, incluídos os actuais movementos de pobos e comunidades en varios continentes, e por razóns moi diversas, desde as económicas ou políticas ata as sociais ou mesmo sentimentais.
- Outras variadas reflexións sobre o imaxinario do andar e do camiñar no mundo da literatura ou das artes no seu amplo sentido, e tamén no mundo das relacións sociais.

O Curso completouse, tal como estaba previsto, cunha serie de *Actividades Complementarias*, como un certame de creación videográfica, a presentación comentada dunha vella pero especial publicación sobre o tema do «andar e camiñar», a proxección dun filme (*Sur le chemin de l'école*, de Pascal Plisson) centrado nas dificultosas andainas dos escolares de varios lugares do mundo, así como un percorrido polo treito urbano do Camiño Primitivo e pola Muralla de Lugo.

En resumo, cremos que este Curso de Primavera 2019 resultou proveitoso e, en todo caso, os seus coordinadores non poden senón mostrar a súa satisfacción polo seu correcto desenvolvemento así como expresar o seu fondo agradecemento ás persoas e institucións que o fixeron posible, cunha especial mención para Paloma Lugilde polo seu constante esforzo para a celebración do Curso e a edición das súas Actas.

Felipe Arias Vilas e Max-Jean Zins

Profesores/investigadores ad honorem

Facultade de Humanidades de Lugo (USC)

P.S./ Estando en curso de edición estas Actas produciuse, a causa da pandemia do Covid19, o falecemento de Megumi Shiozawa, unha das relatoras participantes neste Curso, que sempre mostrou a súa mellor disposición para colaborar no seu desenvolvemento e a quen, por tanto, cómpre aquí render a nosa póstuma e máis sentida homenaxe.

Curso de Primavera na Facultade de Humanidades da USC en Lugo

ANDAR, CAMIÑAR, MARCHAR...

Datas: 10, 11 e 12 de abril de 2019

**Responsables: Max-Jean Zins e Felipe Arias Vilas
(profs./invs. *ad honorem* - USC)**

**Coordinación e supervisión: M^a Isabel González Rey
(decana da Facultade de Humanidades de Lugo)**

O tema xeral escollido para o Curso está pensado para tratar de xeito transversal e pluridisciplinario o feito de andar e camiñar, de poñerse en movemento tanto as persoas coma os animais e tanto en grupo como individualmente. Será analizado desde moi diversos puntos de vista: físico, sociolóxico, histórico, antropolóxico, relixioso, lúdico e mesmo imaxinario..., sen que isto esgote os aspectos que debater. O propósito principal é que sexa útil a toda a comunidade universitaria e á sociedade lucense e galega, por medio dos relatorios, mesas redondas e actividades complementarias que figuran no Programa.

Mércores 10 de abril

9'30-10: Recollida de documentación

10: Inauguración oficial do Curso

Sesión de mañá: **Peregrinacións de Asia e Europa. Os camiños de Santiago**

Preside e modera: **Mar De Santiago Pérez** (USC)

10'30-11'30: **Megumi Shiozawa** (Centro de Xapón en Galicia):

O camiño xaponés de Kumano

11'30-12'30: **Alfonso Carrasco Rouco** (bispo de Lugo):

Os Camiños de Santiago como fenómeno relixioso

12'30-13: Pausa café

13-14: **Max-Jean Zins** (USC): *A marcha de Gandhi na India*

Sesión de tarde: **Peregrinacións e as outras visións do andar humano e animal**

Preside e modera **Elena Freire Paz** (USC)

16-17: Mesa redonda e debate: **Ricardo G. Polín** (filólogo e historiador, Lugo):

A importancia dos camiños históricos; M^a Concepción Fernández López (USC):

Vello coma os camiños; Pablo Núñez Meneses (historiador e numismático, Lugo):

A moeda nas peregrinacións a Santiago.

17-18: **Luísa Ibáñez Martín** (traumatóloga en POLUSA, Lugo): *Deporte e medicina*

18-18'30: Pausa café

18'30-19'30: **Antonio González Cantalapiedra** (Fac. Veterinaria, USC):

O andar no mundo animal

Xoves 11 de abril

Sesión de mañá: **Comitivas, desfiles, marchas, carreiras...:
a realidade e o imaxinario**

Preside e modera: **Dolores Dopico Caínzos** (USC)

10-11: **Luc Chantre** (Univ. Poitiers-Limoges): *A peregrinación á Meca.*

Os retos políticos contemporáneos

11-12: **Natalie Ludec** (Univ. Rennes): *As marchas de mulleres na América Latina*

12-12'30: Pausa café

12'30-13'30: Mesa redonda e debate: **Julio Reboredo Pazos** (historiador, Lugo):

Paseos, procesións relixiosas e civís en Lugo; M^a Xesús Nogueira Pereira (USC):

Sobre Días sen gloria, de Roberto Vidal Bolaño: De Ostabat a Fisterra; Carme

Silva Domínguez (USC): *Vellas universidades, novos camiños: a experiencia semipresencial do Máster en Servizos Culturais da USC*

Sesión de tarde: A Muralla de Lugo como escenario de andainas

Preside e modera: **Felipe Arias Vilas** (USC)

16-19: Mesa redonda e debate: **Adolfo de Abel Vilela** (historiador, Lugo): *A muralla na historia cotiá luguesa*; **Luís Latorre Real** (asoc. Lugo Monumental): *O retorno económico da muralla na hostalería lucense*; **Enrique González Fernández** (arqueólogo municipal): *A muralla no tráfico de vehículos e persoas*; **Paloma Vázquez Fernández** (xefa da área de Turismo da Xunta en Lugo): *A muralla, ben patrimonial e reclamo turístico*.

Venres 12 de abril

Sesión de mañá: As grandes migracións humanas.

Variantes e evolución histórica.

Preside e modera: **Carlos Baliñas Pérez** (USC)

10-11: **Pilar Cagiao Vila** (USC): *As correntes migratorias na historia: o caso galego*

11-12: **Antonio Doval Adán** (USC): *As migracións humanas no mundo actual: unha síntese xeográfica*

12-12'30: Pausa café

12'30-12'45: **Tamara López Fernández** (USC): *Estraperlar coa liberdade. O negocio dos pasaportes en Lugo (1945-1960)*.

12'45-13'45: **Jordi Roca Girona** (Univ. Rovira i Virgili, Tarragona): *Migrantes «por amor»*

13'45: Clausura oficial do Curso

Sesión de tarde: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

16-17: Na Facultade de Humanidades, **Mostra e proxección videográfica.**

No mesmo acto inclúese a presentación comentada do libro de Eadweard Muybridge (1830-1904), *The Human and Animal Locomotion Photographies*, o primeiro fotógrafo que analizou o mecanismo do andar.

17'30-19: **Andaina polo tramo urbano do Camiño Primitivo:** paseo comentado por treitos do Camiño e da Muralla (desde a ponte do Rato-A Chanca ata a Ponte Vella do Miño e S. Lázaro).

19'30: Na Casa do Saber da USC, **Proxección cinematográfica de *Sur le Chemin de l'École*** (de Pascal Plisson, 2013 –77 min–), coa colaboración do *Cine-Club Cultural Valle-Inclán de Lugo*.

**PEREGRINACIÓN
DE ASIA E EUROPA.
OS CAMIÑOS DE SANTIAGO**

熊野古道 **Camino de Kumano. 蘇りの地 Tierra de renacimiento 黄泉の国（死者の国）と仏教**
における天国 **inframundo y paraíso budista**

Megumi Shiozawa
Casa Galicia-Xapón

Todo caminante que recorre el Camino de Kumano, «Kumano Kodo», un camino milenario de peregrinación en Japón, debería sentir, antes de llegar al conjunto de los tres santuarios sintoístas: **Kumano Sanzan** 熊野三山, que son de los más importantes que hay en Japón, la imponente fuerza de la Naturaleza, todopoderosa y sobrehumana.

En algunas zonas de la península de Kii 紀伊, que contiene en la actualidad tres prefecturas: Wakayama 和歌山, Nara 奈良 y Mie 三重, el camino se asoma al Océano Pacífico, siendo considerado este gran océano desde épocas prehistóricas como un dios del mar.

En los profundos bosques, los cedros centenarios e incluso algunos milenarios, le envuelven al caminante con su absoluto silencio. Y a su vez, los dioses sintoístas japoneses, que se dice que existen ocho millones por todo Japón, viven en casi cualquier rincón de esta salvaje península, que constituye la parte más sur de la isla principal japonesa.

Una roca gigantesca, una fuente o un río de aguas cristalinas, le cuentan al caminante toda la historia de los peregrinos que han pasado por esta península y por el camino Kumano durante siglos hasta el día de hoy.

Según antiguos documentos, el primer santuario sintoísta en esta península fue el «Kumano Hongu Taisha 熊野本宮大社» y se construyó en una pequeña isla que formaba el río Kumano en la época del emperador Sujin 崇神天皇, en el siglo I d.C., y el santuario siguió allí hasta que tuvo lugar una inundación en el año 1889. Por esta razón, se trasladó la mayor parte del santuario a la ciudad de Tanabe.

Se dice que con posterioridad se construyó el segundo santuario sintoísta en la península, el «Kumano Hayatama Taisha 熊野速玉大社» en la época del emperador Keiko 景行天皇, entre los siglos I y II d.c., a orillas del río Kumano, y este río constituye una ruta fluvial de la peregrinación por la que los emperadores eméritos y los nobles accedían al santuario de forma muy cómoda y elegante: navegaban plácidamente acompañados por sus propios músicos, mientras los mayordomos y las sirvientas tenían que caminar por un sendero salvaje con muchísima dificultad. Este río, el Kumano, está registrado como *Patrimonio de la Humanidad* junto a los «*Lugares Sagrados y Rutas de Peregrinación en las Montañas Kii*», y es el único camino fluvial que está reconocido como camino de peregrinación por la Unesco.

El último de los tres santuarios de Kumano es el «Kumano Nachi Taisha 熊野那智大社» que se construyó, como los otros y según algunos documentos históricos, en la época del emperador Nintoku 仁徳天皇, que vivió en el siglo V d.c. Este santuario Kumano Nachi Taisha 熊野那智大社 es muy diferente en su origen y su forma natural de los otros dos santuarios.

Muy cerca de allí se encuentra una gran cascada que se llama «Nachi no Taki 那智の滝» que cae desde una altura de más de cien metros y que ya era un lugar de culto sagrado desde las épocas prehistóricas.

Así que antes de la construcción del santuario, muchos monjes llamados «Yamabushi 山伏», que son «ascetas que vivían en las montañas parecidos a los eremitas en Europa», iban allí para purificarse y practicar la meditación debajo de la cascada incluso en invierno con temperaturas bajo cero.

Desde la época «Heian 平安», del siglo VIII (8世紀) al siglo XII (12世紀), casi todos los emperadores, sobre todo, los eméritos quienes disponían de mucho tiempo y acaparaban toda la riqueza, hicieron la peregrinación de Kumano desde la capital de la época: Kyoto a caballo o en carruaje, pero, desde luego, no a pie ya que eran aristócratas, durante más de un mes.

Se conserva el diario de un noble intelectual, «Tsurayuki Kino 紀貫之», quien debía acompañar a uno de los emperadores en su peregrinación a Kumano, y en este se lamenta de que: «llevamos ya muchos días caminando hacia Kumano, y hoy me he caído y me he torcido el tobillo, pero tengo que seguir avanzando...».

Así, todos quienes rodeaban a los emperadores y a los emperadores eméritos tenían que acompañarlos en la peregrinación cada vez que a aquellos se les ocurría hacerlo.

Para la mayoría de ellos era como un «castigo o tortura» por la extrema dureza del camino, sobre todo, para los nobles y los intelectuales, que estaban acostumbrados a la cómoda vida de la capital imperial Kyoto, pues, la experiencia del Camino de Kumano era como el «vía crucis avanzando hacia el Calvario» del cristianismo...

La mayor parte de la península de Kii, aún hoy en día, sigue siendo bastante salvaje como si fuese un sendero de animales, y, de hecho, dicen que podrían aparecer incluso osos en algunos lugares del camino.

Después, esta «moda» de realizar la peregrinación a Kumano, se extendió por todo Japón no sólo entre los nobles, sino, también, entre los «espirituales» tales como sacerdotes sintoístas y monjes budistas.

Pero también, muchos de los caminantes eran simple gente plebeya, que constituían largas colas en el camino y por ello a esta peregrinación se le llamaba la «procesión de las hormigas» en esa época.

La causa más importante de la afluencia de tantas personas siguiendo la peregrinación a Kumano, a una zona tan difícil de acceder, fue la de que se creía que existía en esa ruta una *puerta hacia el inframundo* y que también, por la costa sur de la península habría un camino hacia el paraíso budista.

Por aquel entonces, realizar la peregrinación a Kumano significaba, como también hoy en día, que una persona podía entrar en el inframundo, que es como morir, pero después, renace entrando en el paraíso y podrá por lo tanto regresar al mundo real. Esta idea de *renacimiento* por pasar por Kumano atrajo a una gran muchedumbre en las épocas de bastante pobreza en Japón.

En Kumano, los peregrinos se pueden conectar con la Naturaleza que son dioses sintoístas, después, se van purificando a medida que avancen su camino entre los bosques de cedro y en las aguas del Río Kumano o en las playas del Océano Pacífico, y por fin, renacen por dentro y por fuera.

Es como una ceremonia o un ritual para los seres humanos que necesitaban convertirse en nuevas personas en todos los sentidos, que es algo muy difícil de conseguir en la vida cotidiana.

Desde la época primitiva, no ha sido fácil llegar a esta zona de Japón, a la península Kii, o mejor dicho, ha sido muy difícil llegar allí, por las altas montañas y los profundos valles, y por esta razón, se consideraba que en Kumano vivían los dioses japoneses sintoístas con una serenidad que ha durado más de dos milenios.

Es normal, entonces, que naciese en esta península una muy fuerte creencia que adora la Naturaleza, por la que los seres humanos podrían llegar al mundo de los difuntos, y encontrarse con sus antepasados, y después, purificarse físicamente y mentalmente durante la peregrinación, y al fin, salir del mundo de los muertos para poder regresar al mundo de los vivos.

Es una experiencia totalmente alejada del mundo real, y casi inimaginable, e inexpressable con palabras, sólo un ser humano puede apreciar lo divino que es con sus cinco sentidos haciendo la dura peregrinación.

En el documento «Nihonshoki 日本書紀», uno de los documentos más antiguos de Japón que se editó por orden del emperador de la época: Tenmu 天武天皇, alrededor del siglo VII (7世紀), hay menciones sobre Kumano, a donde el *Gran Dios Izanagi-no-Mikoto* イザナギノミコト fue para encontrarse con su difunta esposa, la *Gran Diosa de la Tierra Izanami-no-Mikoto* イザナミノミコト, que fueron los primeros dioses que crearon el país según la mitología japonesa.

En él se dice que verdaderamente existe en Kumano *la puerta al inframundo*, y por eso, mucha gente iba a experimentar lo terrible del mundo de los muertos, para después llenarse de divinidad en el renacimiento.

En cualquier caso, para entender mejor el Camino de Kumano, hay que resaltar la importancia del budismo con el que el sintoísmo convive durante más de catorce siglos en Japón. A mediados del siglo VI (6世紀) d.C., se introdujo el Budismo en Japón procedente de la India a través de China.

En los primeros años hubo conflictos y batallas sobre su introducción y difusión por todo el país, ya que los emperadores japoneses han sido ellos mismos auténticos dioses sintoístas, puesto que ostentaban el reconocimiento como «dioses» vivientes hasta el momento de la rendición del país al final de *la II Guerra Mundial*, y por lo tanto, los sacerdotes sintoístas protestaron y no quisieron aceptar el budismo.

Sin embargo, el príncipe Shotoku 聖徳太子(574-622) conocido por su sabiduría y gran conocimiento de la cultura de la China Imperial, se esforzó en introducir el budismo y extenderlo por todo el país, pues probablemente estaría muy influido por su padre, Kinmei Tenno 欽明天皇, que fue el primer emperador que se convirtió al budismo, y estudió sobre las creencias del budismo desde muy temprana edad a través de los manuscritos que se habían traído a Japón desde la península de Corea.

También, hay que mencionar su dedicación al país como un político excepcional, pues, estableció la primera «constitución» para que el país fuese un régimen de centralización de los recursos colocando la figura del emperador por encima de todo. Pero en el primer artículo de esta constitución se dice que: «Se deben apreciar la armonía y la paz»... y con esta breve frase se puede ver su deseo de paz para el país.

También, mandó construir un templo Horyuji 法隆寺, que es uno de los templos más antiguos e importantes del país, y que funcionaba como una escuela para estudiar el budismo, y empezó a organizar misiones a China para que los jóvenes inteligentes aprendiesen el budismo con los mejores monjes budistas de la época.

Mientras vivió el príncipe Shotoku 聖徳太子, solía decir a su esposa que la vida que consistía en tan sólo disfrutar de la riqueza o la fama, y la ambición no era una vida

para nada sostenible, nada significativo, y proponía que un ser humano debe buscar una felicidad eterna que se puede encontrar a través del budismo.

Antes de morir a sus 49 años, les dijo a sus hijos; «No cometáis hechos malos sino que debéis dedicaros a mostrar vuestras virtudes».

Desde que el príncipe Shotoku 聖徳太子 decidió que el sintoísmo y el budismo fuesen *las religiones oficiales del país*, se empezaron a construir templos budistas, ya que los sacerdotes sintoístas tuvieron que aceptar a la figura de Buda como si fuese un dios japonés.

Y después de la difusión del budismo por el príncipe Shotoku 聖徳太子, pasó más de un siglo hasta que en el norte de la península Kii, el ilustre monje budista «**Kobodaishi** 弘法大師», o bien, conocido como el ilustre «Kukai 空海» (774-835), fundó «Koyasan 高野山» en una meseta para que fuese un lugar sagrado del Budismo Shingon 真言, que se puede entender como un tipo de *culto esotérico*, que había aprendido en China como uno de los primeros monjes becados de Japón enviados para profundizar en los conocimientos sobre el budismo.

Y llegó a haber más de cien templos de Budismo Shingon 真言 en Koyasan 高野山 a los que acudían muchos emperadores, nobles y hasta varios Samurais importantes en las épocas de las guerras civiles en Japón entre el siglo XV (15世紀) y el siglo XVI (16世紀), entre estos los conocidos jefes de Samurais tales como «Kenshin 謙信 Uesugi 上杉» del norte de Japón.

Para ir a Koyasan esos Samurais y otros recorrieron más de 750 kilómetros, subiendo y bajando montañas de entre 800 metros hasta 1000 metros de altitud para pedir a Buda que les ayudase a ganar batallas, o bien los políticos pedían a Buda que calmase los desastres y las enfermedades, o sus conflictos y disputas con sus rivales.

La convivencia del Sintoísmo y el Budismo constituye un carácter muy peculiar de Japón, cosa que no se encuentra en otros países, y sobre todo, en el *camino de Kumano* esta convivencia forma una armonía muy bien afinada.

Para los japoneses de aquella época, entre la edad media y la época de Edo, las dos creencias eran compatibles porque lo más importante era que la gente pudiese creer en algo sobrehumano, y era la Naturaleza junta con la iluminación del Buda algo así como un remedio para sobrevivir a la vida cotidiana entre desastres naturales tales como terremotos, sequías o tifones.

O tal vez simplemente desear tener una mejor vida, esperanza para los muchos humildes y los más vulnerables que luchaban para sobrevivir día a día. Así que en realidad, para muchos las formas y el contenido de sus enseñanzas no eran importantes.

Había, entonces, monjes budistas que vivían en esta pequeña montaña de Koyasan 高野山 en la península, y entre ellos, algunos *ascetas* que hacían sus prácticas físicas y mentales «corriendo» (literalmente, no caminando) continuamente por estas zonas

montañas de más de mil metros de altitud durante varios días. Así, después de tales recorridos, algunos llegaron a encontrarse en un estado de trance y consecuentemente consiguieron algo parecido a la iluminación que había tenido Buda hacía siglos.

Según los documentos antiguos, fue el emperador Uda 宇多天皇, que ya estaba retirado, el que peregrinó por primera vez «oficialmente» a esta península desde Kyoto alrededor del año 907, después, el emperador emérito Shirakawa 白河法皇 lo hizo 9 veces.

Otro emérito, Toba 鳥羽上皇 más de 20 veces, Un emérito muy poderoso: Goshirakawa 後白河上皇 más de 30 veces, así la mayoría de los emperadores muchos eméritos hicieron el Camino de Kumano de una harto enérgica, hasta que esta moda entre los aristócratas terminó con la peregrinación del emperador emérito Kameyama 龜山上皇 en el 1281.

Pero, con todo, no hay que olvidarse de la peregrinación de gente sencilla, como la anteriormente mencionada «*peregrinación de las hormigas a Kumano*».

Entrando en la época de Edo a partir del año 1619, cuando ya se estableció el régimen de la «*dictadura pacífica de Tokugawa* 徳川» después de haber ganado la famosa gran batalla de Sekigahara 関ヶ原 del año 1600, los familiares de *Tokugawa* de la península de Kii, empezaron a reactivar la peregrinación de Kumano, arreglando las rutas, los santuarios sintoístas más importantes:

Kumano Hongu Taisha 熊野本宮大社、
Kumano Hayatama Taisha 熊野速玉大社、
y *Kumano Nachi Taisha* 熊野那智大社

que se llaman 「*Kumano Sanzan* 熊野三山」, lo que significa los 3 lugares sagrados de Kumano.

Y entonces, de nuevo, se puso de moda la «*peregrinación de las hormigas a Kumano*», y toda clase de personas caminaban para conseguir el encuentro con sus antepasados, y liberarse así de sus pecados, para después, renacer completamente, caminado más de un mes con gran dificultad, pero sintiendo la divinidad de la Naturaleza.

Esta moda de la peregrinación a Kumano permaneció hasta la época de Edo 江戸, y entonces sufrió una caída durante la época de Meiji 明治 (1868-1912) debido a la promulgación de la ley de «*Separación del Sintoísmo y el Budismo*», ya que la mayoría de los peregrinos a Kumano visitaban habitualmente tanto los templos budistas como los santuarios sintoístas.

Sin embargo, en estas últimas dos décadas se ha popularizado realizar la peregrinación a Kumano, y esto seguramente por las promociones que han hecho las autoridades de las 3 prefecturas de la península; *Wakayama, Nara y Mie*, entre ellas, sobre todo, el *gobierno de prefectura de Wakayama* quien se ha dedicado muy activamente a

realizar la promoción del Camino Kumano, así como en *la co-promoción del Camino de Santiago con el que ya se encuentran hermanados desde el año 1998*.

Son los únicos caminos de peregrinación registrados como *Patrimonio de la Humanidad por la UNESCO*.

サンテイヤゴ巡礼と熊野古道の共通巡礼
«*Dos Caminos del Patrimonio de la Humanidad por UNESCO;
Credencial Dual: Camino de Santiago y Kumano Kodo*»

La *ciudad de Santiago* y la de *Tanabe* en la *prefectura de Wakayama*, firmaron en el año 2015 un acuerdo para promocionar conjuntamente en ambas peregrinaciones, y crearon una «*Dual Credencial*» para certificar la completitud del recorrido de ambos caminos. Son desde entonces, ya hay *más de 1800 personas* que han hecho los dos caminos, y son de todas partes del mundo, no sólo japoneses o españoles, sino, un israelí, otro palestino, un australiano, un brasileño..., en fin, ¡estos caminos milenarios unen el Planeta!

Esto parece la aplicación de las ideas del príncipe Shotoku 聖徳太子, *Armonía y paz*, difícil de conseguir, pero, a pesar de todo, hay seres humanos que intentan llegar al nivel sociológico de «sin conflicto» haciendo la peregrinación lo que debería ser un camino ideal cara al futuro de la peregrinación, no importa la religión que se tenga, sino, avanzar en un camino común y universal.

Hoy en día, muchos de los caminantes del Kumano Kodo, lo recorren como una forma de turismo activo y saludable, y caminan tranquilamente disfrutando de la belleza intacta de esta península. Sin embargo, en ocasiones, ese ambiente sobrehumano hace enmudecer a la gente con lo que de súbito comprende el significado de hacer el camino y se siente en medio de un ambiente totalmente espiritual que emiten los elementos naturales, hasta las nieblas en las que se funden entre sí las montañas.

Desde luego, los edificios de los santuarios sintoístas y los templos budistas son de un alto valor histórico y cultural que hay que visitar. Pero lo más preciado de este camino del Kumano Kodo es *la Naturaleza misma* ya que desde la época prehistórica cuando no existían aún los actuales santuarios, se creía que en esta península vivían los dioses según las creencias del sintoísmo que se inspiran en el respeto y el temor hacia la Naturaleza.

Allí, el peregrino puede sentirse solitario al principio, pero después se sentirá unido y conectado con el universo y con todos los elementos de la Naturaleza.

Este es el verdadero significado de hacer la peregrinación del Kumano Kodo.

El camino de Santiago como fenómeno religioso

Alfonso Carrasco Rouco
Obispo de Lugo

1. Vitalidad renovada del Camino de Santiago

El camino de Santiago ha experimentado en estos últimos años un auge extraordinario, convirtiéndose de nuevo en una realidad viva que llama poderosamente la atención.

Muchos intentan explicarlo como un fenómeno de moda, que responde a inquietudes deportivas, ecológicas, turísticas y culturales, a la promoción política de intereses económicos, etc. De todo ello puede haber algo, ciertamente. Sin embargo las estadísticas actuales de la «Oficina del peregrino» nos dicen que del 38,32% de los peregrinos declaran ir a Santiago por un interés explícitamente religioso y que otro 51,99% reconoce motivaciones a la vez religiosas y culturales a su caminar.

Por otra parte el crecimiento del número de peregrinos en los últimos años es muy grande, sobre todo a partir de las últimas visitas de Juan Pablo II en 1982 y con motivo de la JMJ de 1989, en la que acompañaron al Papa más de 500.000 jóvenes en el Monte del Gozo. Un año tras la celebración de la Jornada fueron ya 4.918 los peregrinos, que en 1.992 llegaron a 9.764. Pero el Año Santo de 1.993 se expidieron 99.436 certificados o «compostelas», documento en el que se acredita haber recorrido a pie al menos 100 km. del camino; en el Año Santo de 1.999 fueron expedidas 154.613, en el de 2.004 se llegó a 179.944 y en el Año Santo de 2.010 han sido 272.417 los peregrinos oficiales, entre los que ha estado también S.S. el Papa Benedicto XVI. En el pasado año 2018 se contabilizaron 327.378 peregrinos. Los visitantes de Santiago se cuentan además por millones.

El camino de Santiago es pues un fenómeno espiritual de primer orden en la Iglesia y la sociedad actual, que va mucho más allá de su aprovechamiento turístico, económico y político; estos aspectos, útiles e incluso inevitables, no son siempre, sin embargo, suficientemente respetuosos de la realidad del Camino. El problema de posibles abusos económicos o de su utilización política sin duda ha existido siempre; pero no debe desviar la atención del acontecimiento espiritual de la peregrinación, que tiene lugar ante nuestros ojos con un vigor renovado y sorprendente.

2. El origen del Camino

El origen de la peregrinación a Compostela está en la «inventio» o descubrimiento de la tumba del Apóstol por el eremita Paio y el Obispo Teodomiro de Iria Flavia probablemente en los años 812-814, bajo el reinado de Alfonso II el Casto, que resistía en Asturias a la invasión musulmana que había ocupado toda España y entrado también en el reino franco.

Sorprende grandemente el eco extraordinario de esta noticia surgida en un lugar oscuro y lejano de la Europa de entonces (en el *Finis Terrae*) y proclamada por personajes que serían desconocidos a las naciones europeas. Hay quien ha visto en la resonancia asombrosa de este anuncio, que movilizó a los pueblos, el verdadero milagro operado en Compostela, perenne hasta hoy. Sin embargo, esto hubiera sido imposible sin la convicción general entonces existente sobre la predicación de Santiago en tierras de la Hispania Romana y en su consideración generalmente admitida de «evangelizador de Occidente».

En efecto, existía una tradición, común Oriente y a Occidente, que hablaba del culto al primer Apóstol Mártir en el Noroeste Hispánico. Hitos de esta tradición son las noticias de Dídimo el Ciego, San Jerónimo, Teodoreto, San Hilario de Poitiers, San Efrén y Eusebio de Cesarea en el s. IV, de las que se hace eco el «*Breviarium apostolorum*» (s.VI), que alcanzó amplia difusión, así como el «*De ortu et obitu patrum*», probablemente de San Isidoro de Sevilla. En este mismo sentido habla San Beda el Venerable en Inglaterra (s. VII) y, en España en el s. VIII, el himno litúrgico «*O Dei Verbum*» y el «Comentario al Apocalipsis» de San Beato de Liébana, de gran influjo en el medievo.

La naturalidad y rapidez de la aceptación del anuncio del redescubrimiento del «*locus apostolicus*» es atestiguada en los Martirologios de Floro y de Adón de Lyon (840-860), que ya recogen la noticia del culto sepulcral a Santiago. En efecto, en la tercera década del S. IX se había puesto ya en marcha la peregrinación hacia el sepulcro del Apóstol. El filósofo árabe Algazel manifiesta en el año 845 el relieve alcanzado por el fenómeno: «*Su Kaaba es un ídolo colosal que tienen el centro de la iglesia; juran por él y desde las partes más lejanas, desde Roma lo mismo que de otros países, acuden a él en peregrinación y pretenden que la tumba que se ve dentro es la de Santiago, uno de los doce apóstoles y el más querido de Isa...*». El mismo estupor muestra el emba-

jador Ali Ben Yusuf: «*Es tan grande la multitud de los que van y vuelven a Santiago que a penas deja libre la calzada hacia Occidente*».

3. Un Camino que brota de la fe

Corre o diñeiro fácil e desde a óptica governamental polarízase a operación mediática sobre dous únicos parámetros, só entendíbeis nunha táctica curtopracista de escasas miras, de estreito calado e de evidente populismo: a multiplicación masiva de toda caste de visitantes (ergo, a multiplicación dos pans e dos peixes aínda que os recursos sexan limitados) e do gasto monetario que realizan³, baseando boa parte do incremento do PIB e xa que logo do «progreso» do país nese enfoque oportunista que lle censura ou escatima ao común da poboación outras perspectivas máis dadas a garantir a sustentabilidade e a calidade de vida fundamentada no respecto á diversidade cultural e ambiental, ocultándose deliberadamente nas mensaxes oficiais que se está a xogar con lume, depredando a enerxía inmanente da propia Historia e as súas sinerxías, ao ditado político de que a estratexia máis recomendábel é tirar doadamente da manta mentres non se esgote o xénero, aínda que nese proceso se opte por crear un produto de laboratorio sen aval de futuro a longo prazo.

- 2 «Pola de Allande: El Camino de Santiago es un recurso turístico que no necesita promoción. 12.000 peregrinos atravesaron el concejo y pretende aprovechar este recurso que supone un revulsivo importante (...). Los colectivos jacobeos reclaman un esfuerzo mayor en señales y seguridad» (*El Comercio. Diario de Asturias*, 7-03-2019). A orientación economicista impón as súas normas presionando sobre os bens de interese cultural e as rotas históricas; nin unha soa mención á potenciación dos recursos troncais do Camiño de Santiago.
- 3 «Las peregrinaciones del Camino Primitivo aumentan un 80% en los últimos cinco años (...). La demanda extranjera en los hoteles de Lugo creció en un 87 % en los últimos cuatro meses (...)» (*El Progreso*, 22-06-2019).

Pregóanse dez millóns de turistas (*sic*), 11.500 empregos e un impacto do 0,9% do PIB como obxectivo do plan estratéxico para o Ano Santo 2021, onde detraen 247 millóns de euros da caixa pública galega, aínda que a seguir se engada recorrentemente o eufemismo relativo á suposta combinación de valores espirituais con metas económicas e turísticas, unha mestura máis doada de soste na retórica política curtopracista que no ámbito propiamente epistemolóxico ou da teoría do coñecemento científico, se ben dálle a oportunidade á Igrexa compostelá de lle conceder ao proxecto as oportunas indulxencias.

Após 30 anos da posta en marcha deste complexo labirinto que en gran medida se nos foi das mans, coidamos oportuno recorrer á retórica dalgunhas preguntas tratando de facer un alto para a reflexión nese Camiño de volta, por máis que sexamos conscientes de camiñar contra a inercia común. Son as interrogantes coas que pretendemos evidenciar a impostura e con elas a frustración de todos aqueles que puxemos sentimento onde se vai constatando que esencialmente só había fume no plano espiritual/cultural e un grande afán de enriquecemento por conta dun dos nosos símbolos históricos máis respectados no mundo.

1. Cartas probatorias, credenciais, compostelas e outras certificacións

As iniciativas monopolizadoras do importante movemento peregrinatorio sucédense desde os ámbitos políticos e eclesiásticos ao longo dos tempos, principalmente logo da fundación do Hospital dos Reis Católicos, reforzándose na era contemporánea con marcado enfoque turístico. A demagóxica argumentación de protexer aos camiñantes de veleidades lúdicas e de falsificacións que interferisen no fin último de expiar os pecados permitiulle ao arcebispado compostelán controlar esta masa humana e unha parte relevante das súas finanzas, establecendo uns requisitos claramente subxectivos mediante os cales se conduce este inxente volume de poboación cara a uns intereses que pouco ou nada teñen a ver coa intención orixinaria⁴, estratexia igualmente adoptada por sectores da sociedade civil que utilizan estes desprazamentos por «outros intereses» como válvula de escape que arrima a brasa á súa sardiña.

Mais ese estrangulamento e control externo da liberdade suprema que está na cerna do acto de peregrinar como introspección (de viaxe individual ao mundo interior e encontro cun mesmo) non resulta gratuíto e paga unha portaxe excesivamente cara na súa propia definición. Pola contra, era previsíbel anticipar que a implantación este-reotipada dun título acreditativo da «viaxe interior» a Compostela acabaría por converter un fenómeno claramente espiritual nun obxecto banal ou noutra ruta comercial sen máis proxección que esa mesma finalidade; que a súa regulación en réxime de monopolio burocratizaba a tradición das peregrinacións a Compostela, deturpando a

4 «(...) Non levedes talega, nin alforxa, nin sandalias (...). Cando entredes na casa, dicide primeiro: Paz a esta casa (...)» (Lucas 10, 1-12, 17-20).

súa razón de ser como experiencia persoal única e intransferíbel, asociada a profundos valores humanos, materializándoa e trivializándoa de xeito degradante e fomentando a competitividade a través de empresas lucrativas de carácter público ou privado, transformando radicalmente a realidade histórica que en orixe se pretendía reafirmar como garantía de futuro para seguir dando sentido á mesma, tal e como se enuncia mesmo no propio preámbulo da «Lei de protección dos camiños de Santiago»⁵ aprobada por unanimidade no Parlamento galego en 1996 e na declaración efectuada polo Consello de Europa o 23 de outubro de 1987 para estes efectos⁶.

2. O márketing comercial no fomento de *turistas-peregrinos*

Nas últimas décadas, o enfoque das campañas comerciais tipo *Fair way* e da abafante propaganda oficial, lograron mesmo substituír o prototipo clásico do peregrino que anda «per ager», perdido polo campo (na súa definición etimolóxica, tratando de se encontrar a si mesmo, de atopar unha explicación profunda para a súa vida e o mundo que habita), tan deostado após a reforma luterana, para se mudar nunha nova especie turística e consumidora, fabricada á súa imaxe e semellanza pola propia trama comercial que mostra un afán desproporcionado por obter cómodos beneficios fóra da órbita e das pautas asentadas pola tradición⁷.

Sería ben ir reparando no que fomos deixando polo camiño como pobo antigo, nas consecuencias para o noso patrimonio cultural e natural das pautas de comportamento dos novos *turigrinos*, en boa medida resultado do efecto chamada provocado por administracións máis pendentes da evolución das demandas dos axentes económicos e políticos que das consecuencias da súa desmedida ambición de enriquecemento rápido, mesmo chegando ao extremo de pór en risco a propia supervivencia do sistema social de convivencia equilibrada, de concordia harmoniosa, que o Camiño representa. Deberíamos autointerrogarnos sobre se estamos dispostos a admitir que as masas consumidoras que se están a incentivar a golpe de propaganda son esencialmente a antítese do que o Camiño representa e que non hai cancelas á especulación mentres o negocio funcione en diferentes fronteas e que para medir o éxito da empresa se utilizan as mesmas varas de medir que para calquera outro proxecto turístico da máis vulgar condición.

5 «Desde o primeiro terzo do século IX, cando comeza a peregrinaxe á futura Compostela, vai nacer un camiño que co paso dos séculos se converterá nun auténtico fenómeno de carácter histórico-cultural de relevancia universal (...)».

6 «(...) na fe que animou os peregrinos no percurso da historia e que os reuniu nun alento común, por encima das diferenzas e dos intereses nacionais, impúlsenos tamén a nós nesta época, e particularmente á xente nova, a seguir percorrendo este camiño para construírmos unha sociedade fundada na tolerancia, no respecto ao outro, na liberdade e na solidariedade (...)».

7 «El Camino Primitivo registró en 2018 más de 15.000 peregrinos. La actividad en la ruta jacobea que atraviesa la comarca ha crecido un 31 por ciento desde 2015, según el Principado, que participa hasta mañana en la feria monográfica Fairway» (La Voz del Trubia, 11-02-2019).

Aínda non sendo politicamente correcto, temos curiosidade por saber onde está escrito que facer o Camiño sexa sinónimo de festa, de vacacións baratas (cada vez menos), de esixencia de todo tipo de servizos por parte de quen tradicionalmente se tiraba polo mundo co máis indispensábel, de calzadas preparadas para non mollar os pés nin vencer dificultades, de garantía segura de hospedaxe coas últimas achegas da modernidade, de comunicación permanente en tempo real para non desconectar da traumática rutina que nos arrastrou a camiñar. Así, cabería deducir cales son os ollos polos que miran o progreso eses prefeicos e rexedores que fan presión para «obter» un camiño de Santiago por diante do seu chigre ou celeiro de votantes, vencendo calquera outra consideración histórica, cultural ou ambiental.

Neste contexto, vaise evidenciando que a tentativa de facer compatíbel este modelo especulativo de romarías –baseadas na explotación acelerada a partir dun fenómeno espiritual– cun diálogo próspero e sustentábel cara á Natureza e á nosa estrutura social resulta ser a cuadratura do círculo, así como que na base deste carrusel de feira en que en boa medida se converteron as modernas camiñadas a Compostela está un planificado proceso fraudulento desenvolvido en varias fases, un proxecto alienado canto aos seus principios, interesadamente manipulado e por tanto espurio, que empezou por alterar ou forzar de xeito significativo a propia configuración física dos camiños tradicionais, a súa morfoloxía e traza histórica, de tal maneira que aquela pregoada operación deseñada polo conselleiro Vázquez Portomeñe sobre o pano de mesa dun café máis ben se nos antolla que en realidade só pretendía aproveitar o prestixioso envoltorio da tradición secular para revestir unha operación política e mediática que garantise un relativo éxito inminente á custa talvez de matar a longo prazo a galiña dos ovos de ouro, no que atinxe a un dos piares importantes da nosa imaxe no mundo.

3. Competicións de 100 quilómetros contra os camiños do alén

Cómpre saber se alguén se detivo a reparar en que a implantación dun percorrido mínimo de 100 km. a pé cumprindo todos os trámites burocráticos ao respecto, ía converter e converteu a peregrinación á fin do mundo nunha aloucada competición deportiva cada vez con menor identidade propia («El Camino de Santiago no es distinto a un ciclo olímpico...»⁸), baseada na lei do mínimo esforzo que masifica as vilas comprendidas neste curto intervalo, transformando os seus modos de vida equilibrados nun simple monopolio turístico, trocando os mercados por tendas de bixutaría, convertendo os camiños de longa distancia e as peregrinacións á capital da extrema Europa en vacacións relativamente baratas e paseos de fin de semana en cómodos prazos ou en rutas fragmentadas á carta.

8 «Bruno Hortelano hizo 854 kilómetros en 45 días para llegar desde San Juan de Luz a Santiago. Hizo el Camino del Norte, el Primitivo y el Francés (...)» (diario deportivo *As*, 20-11-2018).

Precísase ser moi iluso para pensar que esa prolífica rede de camiños europeos que veñen cara a occidente naceron «casualmente» no intre xusto en que se desenvolveu a operación de estratexia política e relixiosa arredor da monarquía asturiana e aos prolegómenos do proceso de Reconquista e de contraposición á cultura islámica, con Santiago Apóstolo como símbolo da cristiandade liberada, esquecendo a condición dos peregrinos xacobeos como meros usufrutuarios dun longo esforzo previo e mesmo posterior por vertebrar o territorio e solucionar os problemas comúns de comunicación, que aí está a verdadeira orixe dos camiños que denominamos «históricos».

Nese sentido, coidamos que a cobiza repentina, a estreiteza de miras, está levando a promover toda caste de acreditacións locais, a fomentar os localismos políticos e comerciais contrarios á norma máis esencial do Camiño de Santiago, como é a súa UNIVERSALIDADE, mesmo a conquista da universalidade desde a óptica evanxelizadora e eclesiástica de alcanzar a fin do mundo. (A monopolización do lugar de partida pola vila de Sarría, por exemplo, tomando como xustificación o requisito de andar a pé 100 quilómetros, masifica os últimos treitos do Camiño e redúceo á mínima expresión, só comprensíbel nunha óptica raquítica, mercantilista e mesmo usureira, contra o sentido espiritual que alimentou as romarías a lugares distantes e apartados, para alén do que poden pensar en xusta correspondencia os núcleos máis afastados con forte pegada peregrina. A fin de contas, nese enfoque subxace a visión materialista que do Camiño de Santiago poden ter os promotores destas iniciativas minifundistas, sen se parar a valorar o que vai ser cando xa non fiquen nada por espremer e o disco estea raiado, após se ter convertido este fenómeno noutra ruta máis, un mero pasatempo, un camiño sen corazón).

Alguén lles debería explicar aos modernos camiñantes que as peregrinacións parían historicamente da casa de cadaquén, que se utilizaban as vellas vereas de comunicación cos distintos pobos do planeta sen a perentoria necesidade de restrinxir a patente de oficialidade para as vías que ten a ben aceptar o poder político e económico de do momento. E todos nos deberíamos parar tamén a pensar en que a cultura odepórica, de camiñar a pé, de andar polos vellos vieiros, está presente por todas partes en maior ou menor medida, incluíndo infraestruturas hospitalarias para viaxeiros en xeral e raramente para peregrinos xacobeos en réxime de exclusividade.

Tamén semella que xa non é politicamente correcto lembrar cuestións tan elementais como que ao longo dos tempos arribaron ao noso país pobres e peregrinos polos catro puntos cardinais e que a súa converxencia final sobre os camiños franceses e vereas reais non é máis que a consecuencia lóxica da rede camiñeira existente, baseada nos condicionamentos xeográficos e topográficos que foron deseñando a rede de camiños históricos de longo percorrido conforme a unha cartografía asentada na experiencia e as leis supremas da máxima eficacia e comodidade no desprazamento mercé a adaptación ás leis físicas que gobernaron sempre o territorio, ou sexa, o «sentidiño común», de tal maneira que a controvertida dualidade «Camiño de/a Santiago» resulta máis cuestionábel do que en principio puidese parecer.

E consoante con isto, non estaría de máis ter valorado e protexido seriamente o conxunto da rede civil de camiños históricos de longo percorrido que constitúen o substrato primario do noso patrimonio camiñeiro, á par de reducir esforzos para conducir turistas a Compostela por onde ordena e manda expresamente a ortodoxia burocrática ou a oferta hostaleira, so pena coercitiva de non recibir o aguinaldo ou distinción oficial que determina a condición xurídica de «camiño xacobeo» e por tanto de non lograr a acreditación ou «compostela» cos selados pertinentes nos lugares e etapas acreditados para tal efecto.

Andado o tempo, empezamos a sospeitar cales son ou a que controvertidos intereses responde esa teima traumática e repentina por converter en «xacobeo» un camiño real, unha calzada romana, un camiño de arrieiro, unha prehistórica vía de tránsito, un camiño francés, unha senda mineira, unha antiga rota comercial, como se *de facto* estas vías non tivesen xa peso específico abondo por si mesmas, na súa diversidade, na súa funcionalidade histórica, na súa herdanza cultural, sen necesidade de forzar a súa orixe e o seu destino, aínda que para iso haxa que emprender unha campaña de manipulación da opinión pública. Sería do máximo interese botar luz sobre os parámetros cos que se manexa a presunta domesticación técnica precisa para convencer á cidadanía de que caso de non alcanzar a súa acreditación específica como vías «xacobeas», as vereas de fonda raíz histórica non teñen futuro turístico nin cultural e por tanto non merecen o mesmo grao de rigor no seu estudo e protección.

Igual resulta coherente preguntar a estas alturas sobre as motivacións que poden ter certos servidores do aparello administrativo que pretenden facerlle crer á opinión pública que un camiño francés e real que trasladou desde *illo tempore* os nosos arrieiros, segadores, ambulantes, dilixencias, carrilanas, vagabundos, canteiros e toda caste de oficios itinerantes e de xente de avatar, só ten un valor tanxíbel se consegue a oficialidade xacobeá (aínda que sexa simplemente primando o feito constatado de que por alí pasou un monxe do século XV camiño de Compostela, periplo do que deixou como lembranza un diario sobre as súas experiencias e decisións itinerarias, v. gr. a que deron en chamar «Vía König», forzada derivación xacobeá do que en si mesmo é o camiño mesetario de entrada ao territorio galego pola cidade de Lugo vía Coruña, como se o resto dos transitantes permanentes por esa vía a Castela, con obxectivos laborais e de desprazamento ben diferentes, non fosen merecentes de semellante consideración).

4. A independencia na protección patrimonial. (Sobre o papel da UNESCO e o poder xudicial)

A posteriori, cabe preguntarse con que finalidade se outorgan declaracións de Patrimonio Mundial da UNESCO sen o debido control nin seguimento canto á preservación dos valores recoñecidos. Aínda máis rechamante é a pasividade destes altos organismos internacionais perante as evidencias de adulteración dos Camiños de Santiago

en detrimento da súa consideración primeira como ben cultural e territorio histórico, sempre en beneficio da especulación mercantilista, actitude que se corresponde coa manifesta docilidade mostrada fronte á presión do consumo descontrolado que vai creando necesidades superfluas, trocando os romeiros pobres de outrora nos obedientes consumidores de agora.

Escapan á nosa fráxil capacidade de entendemento, as razóns esgrimidas para lles outorgar a distinción de «patrimonio da humanidade» a itinerarios históricos que permanecen ocupados, apropiados, adulterados ou maltratados e, xa que logo, resultan fraudulentos, sen lles ler previamente a cartilla ás administracións que instan a promover tal declaración. Coidamos que son precisas ostentosas tragadeiras por parte dos técnicos de Patrimonio, mesmo dos tribunais encargados de velar pola cultura e a recta aplicación da lei, así como da propia UNESCO, para abenzoar a derivación en falso dunha rota histórica elevada á condición de BIC até a facer coincidir co paso sobre a ría do Eo na Ponte dos Santos levantada arredor do ano 2000. (Caso de primaren os intereses turísticos da Mariña luguesa sobre a tradición camiñeira que seguía a marxe do río Eo pola súa dereita até atopar a ponte medieval de Santiago de Abres, alguén debería ter o valor de o recoñecer honestamente logo de que as humildes aldeas ribeiregas e vilarelos da Veiga e Ría de Abres ficasen marxinas na delimitación oficial da principal vía cántabra e na proxección como patrimonio mundial, reducindo a súa posición a un itinerario de inferior categoría).

Con esta caste de vimbios, non resulta estraño pensar que após un cuarto de século xa foron convertidos en papel mollado os postulados relativos á INTEGRIDADE e AUTENTICIDADE do patrimonio mundial tutelado pola UNESCO nos Camiños de Santiago, facéndose táboa rasa da memoria atesourada nas antigas vereas en canto que non se manifestou tentativa ningunha por recuperar para o dominio público as calzadas usurpadas, por propiciar a súa reversión como ben demanial (inalienábel, imprescritíbel, inembargábel), así como que se teña permitido caer no esquecemento os fitos máis emblemáticos das vereas clásicas, os símbolos antropolóxicos e arquitectónicos da cultura camiñeira tradicional, suplantada por modernas infraestruturas carentes de pasado. E nesa liña, chama a atención o esforzo realizado en convencer á poboación de que os camiños históricos, os de toda a vida, se tiñan perdido irremisibelmente «por arte de maxia», sen deixar rastro, concluíndo na interesada necesidade de recrear novas vías deseñadas para camiñar polo século XXI, como xa se tiña feito en Francia e outros países radicalmente urbanizados⁹.

9 «Adquirirán igualmente natureza demanial os tramos que se vaian recuperando do Camiño histórico que estean aínda en mans privadas. Mentres non se recuperen constitútese unha servidume pública para o paso do Camiño sobre propiedade privada de unha anchura de tres metros (...)» (tít. I, art. 2.3, 1996). «A delimitación do Camiño levará implícita a declaración de interese social e a de necesidade de ocupación dos bens e adquisición de dereitos para os fins de expropiación forzosa, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes» (*id.*, tít. II, art. 5.5).

Á sociedade de consumo talvez non resulte complicado facerlle crer que a calzada física é algo secundario, que non ten valor cultural de seu, que a súa falsificación ou adulteración obedece ao nobre propósito de que o verdadeiramente importante é a lembranza etérea da tradición das peregrinacións a occidente, esa memoria intanxíbel agora cada vez máis desgonzada do seu sustento material, dos símbolos concretos, das expresións recoñecíbeis polos nosos anciáns, en definitiva, ficar na envoltura que non dá dores de cabeza ao estamento gobernante. (Esta complexa trama inzouse de mentes entregadas a proclamar con turbios obxectivos que as vereas de sempre mudaran de sitio, que as calzadas tolearan, e que por tanto era preciso reinventar un novo «Camiño para o século XXI», moderno, ofimático, apto para todo tipo de locomóbeis e sobre todo sen as pexas ou os lastres propios dun pasado cheo de necesidades).

Acaso foi esa visión depredadora da historia e da paisaxe quen permitiu urbanizar os nosos camiños vellos ao extremo de os uniformar e estandarizar para que non os recoñeza nin a nai que os pariu? Ese enfoque dirixido desde a administración galega do Xacobeo, de Turismo, perante o que entendemos foi un inustificábel desleixo por parte do departamento encargado de velar pola defensa do Patrimonio de todos, ese troco radical de orientación, propiciou non deixar un palmo de terra virxe nas calzadas «oficiais» a Compostela até extirpar todo rastro auténtico de diversidade específica da cultura camiñeira. Un posicionamento nada vantaxoso para o acervo cultural e natural que fica depreciado ou para o territorio histórico que foi deixando de ser historiado, para a paisaxe cultural desculturizada, aínda que proveitoso para os voitres prestos a se botar encima da presa. E nesa dialéctica xorde a eterna pregunta: entón onde foi parar a inxente cantidade de diñeiro reservada polos nosos contribuíntes para o Plan Xacobeo vía orzamentos da Xunta durante varios lustros? Á vista do estado predominantemente ruinoso ou de abandono de boa parte dos cascos históricos e núcleos tradicionais ao paso da cicatriz camiñeira, resulta obvio que non era ese o obxectivo específico de tan cuantiosos fondos públicos. E dada a ausencia de información e posta en valor dos elementos culturais que atesouran as antigas vereas polas nosas aldeas, tampouco semella que ese fose o obxectivo prioritario dese investimento.

Logo da forzada introdución de modernos materiais de construción na rede xacobeá para «acondicionar» as vellas calzadas¹⁰ e camiños de carro (a título ilustrativo baste dar unha volta pola aldea de montaña da Fontaneira, sobre o Camiño Primitivo de Santiago, para ver os efectos desta perversa visión que primou a cementación sobre a posta en valor das últimas pallozas do lugar), obras que ninguén nos seus cabais demandou desde as áreas de defensa do patrimonio mundial nos seus valores esenciais, quizabes tirando dese fío puidésemos encontrar algunha resposta convincente sobre este curioso

10 «Un plan integral acondicionará la Vía da Prata para el Xacobeo 2021» (*El Correo Gallego*, 28-11-2018). O verbo «acondicionar» vai resultando temerario no ámbito do patrimonio cultural.

modo de proceder na «conservación» das vías históricas¹¹, no diálogo co seu pasado glorioso, de tal maneira que a cidadanía malpensada podería chegar a deducir arrevesadamente que talvez a promoción destas obras respondese esencialmente á necesidade de activar ou alimentar negocios especulativos arredor das rutas xacobeas e que, en consecuencia, a tradicional mensaxe baseada na austeridade, conservacionista, xa non é benvida nese enfoque consumista, e que ao mellor o traslado da xestión dos Camiños a unha Axencia de Turismo tiña respondido a ese enfoque político que procurou arredar calquera visión decantada cara ao que puidesen significar as competencias propias do departamento de Patrimonio Cultural como garantía de futuro.

Por tanto, en contraposición á deriva mercantilista que está detrás dos fastos do vindeiro Xacobeo 2021, cabería pensar noutro modelo onde se primase reforzar os valores que a propia UNESCO recolleu na súa declaración do Camiño como patrimonio mundial e que en definitiva constitúen os nosos sinais de identidade, alén de cuestionar a actual involución na transmisión dun ben que tivo no seu carácter espiritual o motor principal da súa milenaria historia¹².

Mesmo nesta maraña, resulta rechamante a incentivación dunha tupida rede de asociacións denominadas «xacobeas», adoito subvencionadas desde a administración pública previo rexistro, realizando tarefas que máis ben semellaría estaren reservadas ao traballo rigoroso de arqueólogos, conservadores e historiadores coa debida formación e sensibilidade cultural e ambiental (itinerización, sinalización, mantemento, documentación, etc), sendo aínda máis rechamante o feito de que, se ninguén entendería a profanación dunha calzada romana, poñamos por caso, por que se dá o consentimento para a decrúa, asfaltado, cementado ou anulación dun camiño real ou medieval, tanto máis no percurso dun proceso de concentración parcelaria ou na construción de novas infraestruturas co debido equipo técnico e obriga do correspondente control. De todo isto temos exemplos a esgalla nos últimos anos, motivo polo que tamén resulta lóxico pensar se realmente sería esa a finalidade orixinaria, consecuencia da relativización do valor da trama física dos camiños tradicionais de maior entidade histórica, tendencia determinante que primou nas actuacións da administración malia a creación de lexislación paralela para o evitar.

11 «Atentados patrimoniales en el Camino de Santiago con dinero público»; *Radio Camino de Santiago* (19-11-2018).

12 «Este Itinerario Cultural de significado universal, como ha sido reconocido por la UNESCO, tiene una especial relevancia para Galicia, donde se encuentra su razón de ser (...). Y como tal, sus autoridades deberían procurar con el mayor esmero la pervivencia de su trazado físico, así como la de los bienes asociados a su existencia (...) Tanto los valores patrimoniales tangibles, es decir, el propio camino físico y los demás bienes muebles e inmuebles que lo conforman, como los intangibles o espirituales, son parte substantiva del Camino de Santiago que deben protegerse y conservarse en toda su autenticidad e integridad si queremos salvaguardar y transmitir la esencia y el significado del Camino...» (Informe de ICOMOS-ESPAÑA, 2007, para a UNESCO).

Esa era a idea de fondo que coidamos latexaba na resposta ás alegacións feitas polo *Foro do Camiño Primitivo* no proceso de delimitación dos camiños históricos a Compostela, cando por parte do xefe do Servizo de Arqueoloxía da administración galega se deostaba e mesmo ridiculizaba o afán «historicista» como se de unha peste se tratase, adiviñando gratuitamente un enfoque «fosilizador» ou «esclerotizador» en quen só pretendía a defensa da verdade histórica como esencia da autenticidade e testemuña dos tempos, na definición máis ciceroniana. Xa na volta do Camiño, tratamos de saber onde ficou esa forza innata e anovadora da propia «dinámica delimitadora» que desde esa xefatura se esgrimía á vez que se deixaba fóra da debida protección a traza arqueolóxica (o «Camiño histórico» da Lei de Protección) e consolidaba itinerarios artificiosos (aquele discurso obsoleto segundo o cal pretender resucitar cousas que o devir dos tempos deu por rematadas era tanto como voltar vivir nos castros ou enterrarse en mámoas...¹³). Quizá, tamén foi esa outra consecuencia da preterida delimitación dos camiños históricos durante décadas, o que supuxo deixar sen defensa as antigas calzadas fronte ás manobras apropiatorias –tan vellas coma o ser humano– e dar un exemplo nefasto a outras comunidades que ven na nosa Terra o seu destino final.

Vaise impondo ás caladas un novo prontuario do Camiño que ten no achaque de «afán recreacionista» a demagóxica desculpa para tentar agraviar aos que somos valedores da autenticidade das vías, acusándonos de pretender «reconstruír» os camiños medievais, sobre a tan doada como inverosímil conclusión de que os camiños documentados non se poden cartografar nos parcelarios sen acudir ás estradas agora existentes, rexeitando sen matices recuperar as calzadas onde o permiten as fontes e o labor da investigación arqueolóxica, mesmo aludindo a que atentan contra os criterios patrimoniais, coartada para non dar pasos nesa reposición ansiada do acervo cultural, unha actitude que á vez permite canear o custo electoral que en ocasións comporta o control rigoroso das actuacións privadas. Talvez viría ao caso lembrar que o presente só se forma do pasado, ou o que vén sendo o mesmo, que os tempos cabalgan sobre da Historia.

Anda por aí unha microsenteza frustrante do TSXG perante as reclamacións do Foro do Camiño contra o espolio na delimitación da vía primitiva a Compostela que se resume en que se ben a visión histórica é un valor importante na protección das rutas xacobeas, non resulta determinante, permitíndose que as administracións leven a cabo actuacións mesmo agresivas en función doutros intereses e que a experiencia nos

13 «Consideramos que é mesmo frívolo reclamar a reversión de procesos que o devir da historia e dos tempos deu por finalizado, reabrir e «reconstruír» camiños e hospitais desaparecidos hai centos de anos é semellante a reclamar a rehabilitación dos castros ou a volta aos enterramentos en mámoas» (punto 4.4.2 do escrito de contestación ás alegacións do *Foro do Camiño Primitivo*; texto asinado polo xefe do servizo de arqueoloxía da Xunta de Galiza en referencia á reclamación sobre apropiamento do Camiño no Hospital de Gondar - Lugo).

confirma que adoito son alleos á conservación do ben que se promove¹⁴. (De facto, non semella ser ese o modo de proceder máis correcto nun país que se presume avanzado a respecto da defensa do seu patrimonio herdado).

5. Feira de vaidades para novos roteiros

Mentres todo isto avanza, alcánzanos a mercadoría anunciada sen rubor desde a Torre da Mosqueira lucense: «Correos reanuda en Lugo el transporte de maletas y mochilas de peregrinos»¹⁵. Trunfos que van inzando de goce a moderna xestión da tradición peregrinatoria a Santiago de Galiza, no extremo de Europa onde empeza Europa («Realidad virtual y aumentada para explorar el Camino más futurista», «tecnología y contenido para disfrutar de un modo especial del trazado», «puedes ver desde tu casa cualquier tramo del itinerario como si estuvieras en él, a través de imágenes panorámicas de 360º», «A través de nuestra App, si una persona se coloca delante de un punto de interés de la senda, generamos un marcador que posibilitará verlo en tres dimensiones»¹⁶). E finalmente, dous millóns de euros para o programa *O teu Xacobeo*, co fin de animar a construír «el Año Santo más participativo», con ideas tan brillantes como as expostas a título ilustrativo do camiño que levamos.

No pórtico da nova era, máis unha vez o Camiño de camiños toma diferentes vieiros. Así, ao tempo que na Fonsagrada se reunía a Mesa de Alcaldes do Camiño Primitivo coa consigna de tomar Santiago para o Ano Xacobeo do 2021 con propostas que no fundamental só perseguen o éxito de ingresos e visitantes ao paso polos seus municipios, de maneira discreta unha pequena delegación percorría de volta a vella calzada, grupo do que formaban parte cargos da dirección orgánica de ICOMOS-España, axencia informante da UNESCO para o patrimonio mundial. Había entusiasmo na primeira desas xuntanzas, aquela que encarrila o éxito comercial dos que venden a pisada. Mais a segunda tripaba con pesar nas congostras castigadas, tratando de atinar por onde foi que andaron aqueles que aquí chegaron desde os tempos máis afastados. Estes traían sobre do lombo o peso de ter librado sacrificadas batallas. Como se o impulso de camiñar precisar salvocondutos para poder avanzar. E na cruz deses camiños, a pugna descompensada dos que viran sen complexos rumbo ao prezo da vitoria máis doada, e aqueles outros que –á inversa– vanse doendo na súa marcha calada, como eses peixes vivos que aínda nadan contra a corrente da auga. (E de fondo, o ecoar dos titulares que anuncian con vehemencia o éxito desta empresa: «*El impacto económico de los pere-*

14 Sirva como exemplo pintoresco, a recomendación oficial de que se decoren as torres dos aeroxeradores con motivos xacobeos para aminorar a incidencia paisaxística do parque eólico que se pretende levantar na Devesa do Oribio, perto do denominado Camiño Francés ao paso por Samos e Triacastela, así como parte importante da Rede Natura, previos informes favorábeis de Patrimonio Cultural, Natural e Urbanismo...

15 Xornal *ABC* (01-04-2019).

16 *El Correo Gallego*, 10-03-2019.

grinos supera por primera vez los 300 millones. Los más de 300.000 peregrinos que llegaron en 2017 a Santiago desembolsaron 60 millones en la preparación. Los gastos de la ruta sumaron 182 millones y los viajes de ida y vuelta 56...»¹⁷).

No ronsel destas palabras, dous arqueólogos melidenses urxen protexer o petróglifo da súa Pena Ferrada, esa mítica pegada do casco do cabalo branco por Santiago de Vilouriz nas serras de Toques, cultura inmaterial destas vereas históricas. Hai unha crónica negra que explica esta cuestión: o xeito en que o Plan Leader promoveu a destrución, facendo da calzada empedrada –o camiño romano a Iria Flavia– unha vulgar vía pecuaria. Logo foi a apropiación da verea orixinaria, o atranco con cancelas, a derruba dos seus muros acumulando o entullo... e levar a vía pública lonxe dos seus obxectivos. Alén de se aplicar a lei que protexe os camiños mesmo na norma urbanística, optaron por derivar esta ruta xacobeá cara ás pistas forestais. É pauta habitual, trasladar cara aos catetos o tránsito da hipotenusá, obviando responsabilidades e premiando con descaro aos amigos de engrosar o patrimonio de todos, mandando embora a protección das calzadas. Rexéitanse alegacións e castígase aos que falan. E quen perde outra vez máis é aquel ben cultural que a UNESCO deu por bo na súa declaración.

Ao tempo, en Ribas de Sil, preparábase outro asalto, agora ás augas tan doces desas xacias que habitaran a nosa *Riboira Sacrata*. Escoitábanse outravolta argumentos de valores, de paisaxe cultural, de equilibrio e outras fermosas palabras. Cando convén sempre lembran, que o que se encontra no efecto, seica xa estaba na causa, ou que o presente que atopas, mesmo que estea arrombado, só ten forma no pasado. Arredor do Plan Xacobeo foron tecendo ocorrencias: unha maraña de lemas, un mundo de oportunismos e propaganda coidada («Todo listo para la *Dogfluencer Meeting* en la Ruta Xacobeá. Se trata de una peregrinación simultánea y solidaria para personas y mascotas en siete caminos»¹⁸). Houbo unha escritora xorda que non vía polos ollos: chamábase Hellen Keller e percibía coas mans os movementos e o son; e tiña por filosofía que peor que non ter vista, era perder a visión.

É ben fráxil o patrimonio acumulado nestes camiños de antes, obxecto de permanente agresión, mais dotado desa alma que lle presta a súa configuración, o que está na tradición, por iso cómpre escoitar as emocións antes de atentar contra o xenio das nosas vías máis vedrañas, mesmo atender a voz telúrica da poesía que emerxe do interior destas calzadas: «(...) *Desfixéronme o camiño con esta carreteira nova. / Desfixéronme o camiño, / por onde hei de andar agora? / Xa non ten a miña alma / por onde ir buscando soa / os rastros que foi deixando / pola vella corredeira (...)*»¹⁹. É o mundo dos vellos vieiros que encheron de memoria a nosa historia, fonte de in-

17 *Faro de Vigo*, 18-02-2019.

18 *El Correo Gallego* (15-04-2019).

19 Crecente Vega, José. En Polín, Ricardo (ed. crítica e estudo): *Folla bricia. Poesía galega completa*; Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2002, p. 407 (40.1-8),

formación na súa lingua franca, nómade, con parámetros de seu que nos conmoven (a fala das deidades da «Antigua de los Romanos» que baixa deica o Navia). Itinerarios cuxo significado latexa mesmo en normas básicas, como a lei urbanística de 2016 que regula esta rede camiñeira²⁰, de aí a demanda urxente de plans especiais para facer visíbel o noso territorio histórico e paisaxe cultural antes de que sexa aniquilado pola voracidade consumista alentada desde as esferas do poder. De aí emana a necesidade dunha alerta internacional con altas miras que superen as torpes decisións das administracións empequenecidas polo departamento de Turismo, así como da preparación de equipos técnicos preocupados por crear oportunidades diferentes para afrontar con garantías o futuro, máis que de xerar unha aparente riqueza de gran volatilidade que pon en risco os alicerces do conxunto do edificio construído colectivamente coa calma e o sentido común que proporciona o paso do tempo e a solidariedade interxeracional.

20 A lei urbanística de 2016, malia o seu carácter estándar para os camiños do común, canto ás actuacións incompatíbeis contempladas no seu artigo 26 determina que nos núcleos rurais están prohibidas as seguintes actuacións: a apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derrubamento de muros tradicionais dos rúeiros ou corredoiras, agás disposición do planeamento que o autorice. Igualmente, no que ten a ver coas limitacións de apertura de camiños, establécese a prohibición desas aperturas se non están expresamente recollidas no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, así como que as vías modernas se deberán adaptar ás condicións topográficas do terreo, coa menor alteración da paisaxe, minimizando ou corrixindo o seu impacto ambiental.

**COMITIVAS, DESFILES,
MARCHAS, CARREIRAS...:
A REALIDADE E O
IMAXINARIO**

Marcher vers La Mecque Enjeux politiques du pèlerinage par voie de terre

Luc Chantre

Maître de conférences, Université de Rennes 2

luc.chantre@hotmail.fr

Associée au pèlerinage à La Mecque (*hajj*), l'un des cinq piliers de l'islam, la marche tient une place particulière dans le monde musulman. Les routes terrestres du *hajj* ont longtemps joué un rôle structurant dans l'imaginaire islamique. Elles matérialisaient l'unité et la solidarité du *dār al-islām* qu'elles innervaient et irriguaient. Les caravanes de pèlerins constituent ainsi une figure familière du paysage musulman allant jusqu'à se confondre avec le pèlerinage lui-même. Pour le pèlerin pris individuellement, l'ascèse de la pérégrination est au cœur du processus de représentation que le pèlerin se fait de lui-même et de la valeur qu'il accorde à son pèlerinage. Ainsi, comme l'écrit le philosophe Frédéric Gros. « On n'approche bien un lieu sacré qu'en ayant été purifié par la souffrance et marcher exige un effort indéfiniment réitéré. »¹ Cette contribution a pour objet de rappeler l'importance de la marche dans l'univers islamique et les conséquences pour le *hajj* de l'introduction par les Européens de nouveaux moyens de transport pour des raisons qu'il conviendra d'analyser. Envisagés comme une alternative au pèlerinage pédestre magnifié par la tradition, ces nouveaux modes de déplacements n'ont-ils pas in fine contribué à modifier les conditions et la nature même du pèlerinage ?

1 F. Gros, *Marcher*, Paris, Champs Flammarion, p. 158.

1. Le *hajj*, entre marche sacrée et imaginaire de la route

D'un point de vue rituel, la marche revêt une valeur particulière dans les différents rites du *hajj*. Le rythme imposé à cette marche, les parties du corps imprimant le mouvement sacré revêtent une valeur juridique particulière dans la jurisprudence islamique (*fiqh*). L'« aller pèlerin, » pour reprendre l'expression d'Alphonse Dupront, est une des dimensions constitutives du *hajj*, dont l'étymologie arabe signifie précisément « se rendre à, se diriger vers »². Pour l'anthropologue, c'est même l'épreuve de l'espace qui fait le pèlerin. La marche constitue, selon lui, le « fondement thérapeutique » du pèlerinage. La *peregrinatio ascetica* de « l'homme qui marche, dans le plein allant de son corps » participe ainsi d'une dynamique de transmutation de l'être tout entier³.

Aussi tout manquement à ce code rituel savamment ordonné peut-il entraîner l'invalidité du pèlerinage. Arrivé au sanctuaire de La Mecque, le pèlerin pénètre du pied droit à l'intérieur de la Mosquée sacrée (*al-masjid al-ḥarām*) et se dirige vers la Ka'ba. Il effectue alors une circumambulation (*tawāf*) autour de la Ka'ba – sept fois de gauche à droite, dont trois à vive allure – avant de se rendre à la source sacrée de Zem Zem pour y boire l'eau sacrée aux vertus thaumaturgiques. Le pèlerin ressort de la Mosquée par le pied gauche et se dirige vers le monticule d'al-Safā pour y accomplir le rituel de la course ou *sa'īy* consistant à parcourir sept fois de suite, quatre fois dans un sens et trois dans l'autre, la distance qui sépare les éminences d'al-Safā et d'al-Marwah, en mémoire d'Agar laquelle, abandonnée par Ibrā'īm, chercha de l'eau dans le désert pour abreuver son fils Ismā'īl. À compter du 8 du mois de *dhū l-ḥijja*, le pèlerin prend ensuite la route du désert. Il passe la nuit dans la vallée de Mīna puis gagne la plaine du Mont 'Arafā – autrement appelé *jabal al-Raḥma* ou « montagne de la miséricorde » – où il reste en prières (station dite du *wukūf*) à partir de midi. Au coucher du soleil, les pèlerins se rendent en courant vers Muzdalifah pour y réciter les prières du soir et de la nuit. Le matin du 10, les pèlerins se rendent à Mīna où ils procèdent à la lapidation rituelle des trois piliers (*jamrat*) à l'aide de sept petits cailloux. Il est ensuite procédé aux immolations rituelles en commémoration du sacrifice d'Ibrā'īm. Le pèlerin retourne ensuite à La Mecque effectuer un dernier *tawāf* de désacralisation autour de la Ka'ba. Les jours suivants (les 11, 12 et 13 du *dhū l-ḥijja*) sont ponctués par les fêtes de Mīna et une dernière circumambulation autour de la Ka'ba marquant la fin du pèlerinage.

La tradition islamique valorise les vertus de la marche pèlerine pendant le *hajj*. Al-Bukhārī rapporte que le calife 'Umar aurait fait du *hajj* l'un de deux *jihad* « car on fait un pénible effort quand on marche et qu'on repousse tout le long du chemin les attaques du démon »⁴. Le juriste persan al-Ghazālī, qui réserve à la marche

2 A. Jan Wensinck, article « Hadj » , Encyclopédie de l'Islam, p. 33.

3 A. Dupront, *Du Sacré*, Paris, Gallimard, 1987, p. 369-375.

4 Cité in M. Gaudefroy-Demombynes, *Contribution à l'étude du Pèlerinage de La Mekke*, Paris, Geuthner, 1923, p. 236.

plusieurs passages de son *Livre du Pèlerinage et ses secrets*, issu de sa monumentale *Iḥīā' 'Ulūm al-Dīn (Revivification des sciences de la religion)*, rapporte quant à lui :

« Le Pèlerinage se fera à pied, si l'on peut car ce procédé est préférable.

'Abd Allāh Ibn 'Abbās – qu'Allah soit satisfait du père et du fils – fit cette recommandation à ses fils au moment de sa mort :

« Faites le pèlerinage à pied car le pèlerin pédestre a pour chacun de ses pas sept cents bonnes actions parmi celles accomplies en terre sainte ! »
- « Et quelles sont-elles, lui demanda-t-on, ? » Il répondit : « La bonne action est multipliée par cent mille. Il vaut mieux marcher pendant l'ensemble des rites du Pèlerinage, pendant les allées et retours de la Mekke à la Station à 'Arafā et Mīna ; cela donne de la fermeté à l'âme »⁵

Pour al-Ghazālī, un pèlerinage fait à pied est ainsi plus méritoire qu'un pèlerinage fait sur une monture car cela revient « à se mettre en route pour combattre son âme »⁶. Malgré tout, et le Prophète Muḥammad fut ici le premier à donner l'exemple, le pèlerinage accompli sur une monture est également méritoire car il est onéreux et dépenser sa fortune pour Dieu peut être assimilé à un *jihād*. Ainsi, dès les premières années de l'islam une distinction sociale semble s'opérer entre le pèlerin riche qui accomplit son *hajj* sur une monture et le pèlerin pauvre qui, faute de moyens, doit se résoudre à effectuer son pèlerinage à pied⁷.

Au regard du *fiqh*, certaines écoles juridiques comme l'école malékite, majoritaire au Maghreb et en Afrique de l'Ouest, ont traditionnellement valorisé le pèlerinage effectué à pied comme particulièrement méritoire. Dans cette perspective, la sécurité du chemin devient alors l'un des conditions de validité du pèlerinage, encore faut-il toutefois que les attaques dont le pèlerin pourrait la victime soient répétées⁸.

Par-delà cet univers normé, la marche pèlerine crée elle-même son propre imaginaire. Pas de pèlerinage proprement dit sans « construction narrative de soi-même » pour reprendre l'expression de la sociologue Danièle Hervieu-Léger, pour qui la « condition pèlerine » se constitue à partir d'un travail de construction biographique effectué par le pèlerin lui-même⁹. Plus le *locus sacral* est éloigné du pèlerin, plus la mémoire du voyage semble s'imposer comme une évidence, ce qui permet d'expliquer

5 Al-Ghazālī, *Les Secrets du Pèlerinage en Islam*, Beyrouth, Albouraq, 2001, p. 238-239.

6 Ibid., p. 240.

7 M. Gaudetroy-Demombynes, op. cit., p. 237.

8 La tradition malékite s'appuie à ce sujet sur le Mukhtaṣar du jurisconsulte égyptien Khalīl ibn Ishaq al-Jindī.

9 D. Hervieu-Léger, *Le Pèlerin et le converti*, Paris, Champs Flammarion, 1999, p. 99.

l'importance numérique des récits de pèlerinage (*riḥlat*) produits par les pèlerins de l'Ouest de l'islam, terres lointaines et parsemées d'embûches. L'un des modèles archétypaux de *riḥla* est sans aucun doute celui du voyageur marocain Ibn Battūta qui accomplit son *hajj* à partir de 1325, d'abord seul sur sa monture puis en compagnie de diverses caravanes de marchands, ou de l'imam marocain Al-'Ayāshī parti en 1662 avec la caravane du Maghreb à destination du Caire en suivant la route qui le conduit par Sijilmasa, le Twat, Ghadames et Awjila. Si certains passages de son récit nous laissent comprendre qu'il aurait effectué certaines sections de la route à pied, l'explication en demeure obscure. A-t-il agi par volonté d'ascèse ou, plus simplement, fut-il animé par le souci de ménager sa monture ?¹⁰ En effet, si ces récits de pèlerinage nous renseignent souvent sur les étapes et la situation sociale des hôtes – faki (légiste), raïs (chef de canton), khatib (desservant de mosquée) – qui accueillent les pèlerins, le lecteur est bien en mal de comprendre les changements psychologiques induits par la marche.

Pour appréhender cette tension intérieure propre à la marche pèlerine, il faut se reporter aux récits plus contemporains, notamment ceux d'Européens convertis à l'islam, et qui furent parmi les premiers à évoquer leur pèlerinage à la première personne. L'aventurier britannique Richard Burton, par exemple, lorsqu'il se rend à Suez en 1853, a écrit à quel point le désert avait démultiplié ses capacités de perception :

«We journeyed on till near sunset through the wilderness without ennui. It is strange how the mind can be amused by scenery that presents so few objects to occupy it. But in such a country every slight modification of form or colour rivets observation : the senses are sharpened, and the perceptive faculties, prone to sleep over a confused mass of natural objects, act vigorously when excited by the capability of embracing each detail. (...)

Your fancy and imagination are powerfully aroused, and the wildness and sublimity of the scenes around you stir up all the energies of your soul – whether for exertion, danger, or strife. Your morale improves; you become frank and cordial, hospitable and single-minded : the hypocritical politeness and the slavery of civilisation are left behind you in the city.»¹¹

Vingt ans avant lui, le Français Jean Prax qui participait alors à l'aventure saint-simonienne en Égypte, avait emprunté cette même piste caravanière conduisant du Caire à Suez. Accompagnant en tant que pharmacien aide-majeur un corps expéditionnaire égyptien parti pacifier la péninsule arabique, il est vraisemblablement le

10 Exploration scientifique de l'Algérie pendant les années 1840,41 et 42, t. IX, Paris, Imprimerie royale, 1846, p. IX.

11 R. Burton, Personal Narrative of a Pilgrimage to al-Madinah and Mecca (Vol.1), London, Tulston & Edwards, 1855, p. 148-150.

premier Français à avoir accompli son *hajj* en 1835. Dans une lettre à son « frère » saint-simonien Lambert, Prax décrit comment, sous l'effet de la fatigue de la route, la Ka'ba lui est apparue en songe :

Si hay visitantes, ¿cómo podemos saber si vienen a Lugo por la Muralla o por otra causa? Y en su caso, ¿los ingresos que generan son a beneficio exclusivo de Lugo? Esto último es discutible, si tenemos en cuenta casos como el de las guías oficiales de turismo, que son uno de los sectores que parecerían directamente beneficiados. Es muy habitual que muchas de las excursiones que pasan por nuestra ciudad vengan con sus propios guías turísticos desde Santiago o Coruña, con lo que la repercusión económica de estos visitantes, que pasan apenas unas horas en la ciudad, es prácticamente nula.

Pero en definitiva, ¿de cuántos turistas hablamos? Es otra cuestión muy compleja dada la falta de credibilidad de los datos facilitados por las administraciones. Las cifras oficiales del Ayuntamiento de Lugo sobre los visitantes al Arde Lucus 2015 hablaban de 600.000 personas en tres días, lo que no resiste el más mínimo análisis crítico. La capacidad hotelera (incluso tomando la de toda la provincia), la imposible ubicación de los vehículos que supuestamente trasladaron a esas personas, la falta de recursos de restauración para atenderlos... hace incompatible esa cifra con la realidad. Baste como ejemplo que la Xunta calculó ese mismo número de turistas para toda Galicia en el mes de Septiembre de ese año 2015.

¿Cómo obtenemos pues cifras fiables? La hostelería lucense sufre vaivenes ligados tanto al turismo como a la actividad económica de la ciudad. No hay estadísticas de cada local que indiquen si su clientela es foránea o propia salvo, lógicamente, en los hoteles, que por su naturaleza se nutren de visitantes si bien no podemos conocer cuántos de ellos son turistas y cuántos se alojan por motivos profesionales vinculados a la actividad económica ordinaria de la ciudad. Con todas esas precauciones, y dado que son los únicos datos realmente objetivos, utilizaremos como base la evolución hotelera.


Por lo tanto, a la hora de hablar de datos objetivos utilizaremos únicamente las estadísticas de empleo y de afiliación a la seguridad social de trabajadores del sector servicios y la evolución del número de hoteles existentes en la ciudad.

Establecimientos abiertos estimados




Fuente: www.ige.eu – Instituto Galego de Estatística - Xunta de Galicia

Personal empleado Galicia



Fuente: www.ige.eu – Instituto Galego de Estatística - Xunta de Galicia



Fuente: www.ige.eu – Instituto Galego de Estatística - Xunta de Galicia

2. Patrimonio de la Humanidad: ¿la gran ventaja?

Se da por sentado, como axioma incontestable, que la declaración de la Muralla como Patrimonio de la Humanidad supuso un antes y un después en la repercusión del principal monumento lucense en el mundo del turismo. Sin embargo, no todas las ciudades con patrimonios contemplan su impacto con el mismo optimismo.

La declaración genera una serie de obligaciones relativas a cuidado, mantenimiento y demás aspectos, que a efectos de este estudio, al ser asumidos por la administración titular (la Xunta de Galicia) no tienen una repercusión negativa en la ciudad.

Sin embargo sí ha tenido costes prácticos, por obligaciones derivadas sobre el supuesto impacto de proyectos urbanos en la Muralla, tal y como se dio a conocer al ser obligado el Ayuntamiento a renunciar a uno de los más ambiciosos y esperados proyectos, con la malograda construcción de un auditorio en antiguo Cuartel de San Fernando.

Las ventajas de la Declaración como patrimonio de la Humanidad son, por tanto, inmateriales (promoción, orgullo, amor propio...) y materiales, con el supuesto aumento del número de visitantes, pero las falta de campañas orientadas al turismo por parte de las administraciones, que parecen vincular sus esfuerzos al consumo interno (recordemos que los turistas no votan en la ciudad), con lo que no se produce el deseado despegue en el número de visitas.

3. La conclusión es una dura realidad: Lugo se queda descolgado.

Las estadísticas no apoyan la teoría de que la Muralla genera el excepcional retorno que debiera tras su declaración como Patrimonio de la Humanidad. ¿A qué podemos achacar ese fracaso colectivo en su explotación?

Como se ha indicado, no existe una política coherente y profesional de promoción de la Muralla de Lugo como marca propia y atractivo turístico, una obligación compartida por la Xunta de Galicia, titular del monumento pero cuya obligación quizá se puede entender cumplida con la promoción de Galicia en su conjunto, y por el Ayuntamiento de Lugo, principal interesado en la difusión de los atractivos locales.

No hay profesionales del turismo al frente de las áreas administrativas competentes, lo que genera absurdos como que las citas más importantes del mundo del turismo (FITUR) se enfoquen con una óptica meramente política y localista, que busca la difusión de la acción en la ciudad en lugar de los fines lógicos de promoción profesional. La foto en la prensa local es más importante que la acción en sí.

Tampoco hay conciencia empresarial de los beneficios que podría generar la Muralla. Apenas hay comercio de recuerdos o de actividad económica vinculada al monumento, lo que choca con su importancia histórica y cultural.

Una posible solución:

La creación de un Patronato, dirigido por personal no político, sino profesional del turismo, nutrido con fondos públicos y privados pero con una gestión gerencial que permita la vinculación de su futuro a resultados cuantificables parece ser la forma más lógica de abordar esta cuestión.

La construcción de un espíritu común de difusión, promoción, explotación y repercusión económica de la Muralla de Lugo en el tejido empresarial local es una tarea compleja en una ciudad que no se caracteriza por su dinamismo emprendedor.

Sin embargo entre todos podemos hacerlo mucho, muchísimo mejor.

A muralla no tráfico de vehículos e persoas

Enrique González Fernández
Arqueólogo municipal de Lugo

Nas cidades históricas, son moitos os factores que interveñen e que fai falta considerar para que a protección e xestión do patrimonio sexa efectiva, flexible e permita pór en valor o patrimonio, á vez que se converta nun valor tamén para os seus habitantes. Algúns destes factores teñen que ver coa mobilidade e accesibilidade, que son os novos retos aos que se enfrontan moitas das cidades históricas, xunto coa habitabilidade dos seus cascos históricos, facendo destes espazos útiles e utilizábeis, coas vantaxes e aspectos positivos que hoxe se recoñecen a esta maneira de ver e asumir os conxuntos monumentais.

Son factores estes que teñen moito que ver cun novo concepto que actualmente se está introducindo á hora de analizar a problemática das cidades, como é o de desenvolvemento sustentable.

Este concepto encaixa perfectamente no ámbito do patrimonio das cidades históricas, pois non en balde estas constitúen un exemplo perfecto de sustentabilidade ao longo dos séculos, razón pola que deberemos procurar un desenvolvemento que non poña en perigo o equilibrio de «cidade patrimonial» e «cidade viva» e que preserve o patrimonio como ben para as xeracións futuras. O patrimonio nas cidades históricas convértese nun valor dinámico: é un referente de identidade para os residentes, debe actuar como factor de desenvolvemento económico e, á vez, o mesmo progreso urbano transforma os modos de vida e a propia paisaxe urbana.

No caso de Lugo, o binomio muralla-cidade, forma parte dun mesmo universo, configura unha paisaxe que precisa dunha visión e una xestión integral. Por iso resulta fundamental a planificación integral por parte das autoridades locais, para converter o patrimonio nun elemento estratéxico da súa política, preservar o patrimonio, apostar por un desenvolvemento sustentable e activar estratexias sociais e urbanas que se adapten ás preocupacións dos seus habitantes.

O proceso histórico, que se iniciou cando os romanos levantaron a finais do século III d. C. unha poderosa muralla, cunha finalidade eminentemente defensiva, segue en marcha. A muralla no só pasou a formar parte da cidade, senón que foi un factor determinante no seu crecemento e transformación.

A muralla no proceso urbano

Este proceso transformador na paisaxe urbana, fíxose máis evidente a partir da segunda metade do século XIX, cando a muralla perde a súa importancia defensiva, e se cuestiona o seu papel ao entender que limita o crecemento da cidade. Velaí os debates, por veces apaixonados, sobre a súa conservación ou derriba, ao longo das décadas finais do XIX e, por extensión, gran parte do século XX, de feito que o perigo de demolición non desaparecerá ata a súa declaración en 1921 como Monumento Nacional. Namentres que a maioría das cidades amuralladas viron como se demolían as súas murallas, cidades como Lugo, manterían, de xeito excepcional ata hoxe en día, os seus circuitos murados; situación que se vería favorecida polo feito de ser núcleos de crecemento de poboación limitado e pola superficie considerable que dentro dos muros se encerraba (Prado e Reboredo, 2001: 51), algo que para o caso de Lugo, viuse favorecido polo proceso de desamortización eclesiástica de mediados do XIX, xa que permitiu dispoñer dun bo número de edificios e soares dentro do recinto amurallado.

O século XIX suporá unha etapa de cambios transcendentais para a cidade, acentuados pola súa elección como capital provincial en 1833. Lugo vai transformar considerablemente o seu espazo, tanto intra como extra muros, aínda que as zonas de poboamento fundamentais seguían sendo as que marcaban os eixes que unían as portas Nova, Miñá, Santiago e San Pedro (Prado e Reboredo, 2001: 54).


Na zona extra muros vanse deseñando novos espazos aínda que de escaso valor urbanístico, moitos dos cales xurdirán coa construción das novas infraestruturas viarias, que porán en contacto a cidade co resto da península e traerán consigo un desenvolvemento decisivo. O vello camiño real de Madrid á Coruña, inaugurado en 1773, e que transitaba á beira da muralla, sobre o espazo que ocupaba o antigo foso desta (colmatao xa moi probablemente no século XVIII), dará paso a nova estrada Madrid-A Coruña, cuxo trazado regular introduce un elemento de racionalización no sistema territorial circundante. Coa construción da nova estrada de Santiago en 1860, farase necesaria unha rolda exterior á muralla que conecte entre si o novo sistema viario radial que vai

xurdindo, convertendo a muralla na referencia principal como ordenación do novo tráfico de vehículos motivado polas novas necesidades.

Esta nova vía de circunvalación da cidade, que hoxe coñecemos como Rolda da Muralla, traerá consigo importantes reformas na trama urbana da cidade así como na muralla, coa eliminación ou destrución parcial de varios cubos e a apertura de novas portas entre 1854 e 1921 (Abel, 2004: 216-230).

En 1854 ábrese a porta do Príncipe (San Fernando), definindo un eixe de estrutura regular N-S, paralelo á Rúa Nova, coa rúa de San Fernando, San Marcos e Raíña. A chegada do ferrocarril provoca a apertura dunha nova porta en 1876, a da Estación, comunicando o interior da cidade, desde a praza de Sto. Domingo, coa nova estación ferroviaria, construída no barranco de Friás. A construción do novo cárcere, extra muros, provoca a apertura dunha nova porta en 1887, a do bispo Izquierdo ou Campo Castelo. En 1894, outra porta, a do Bispo Aguirre, comunica o interior da cidade co novo Seminario Diocesano e o Cemiterio de Magoi. A última porta en abrirse, a do Bispo Odoario ou do Hospital, farase xa entrado o século XX, en 1921. As portas que se van abrindo no seu percorrido, definirán tamén o ritmo de crecemento da actividade no interior do recinto e o interese por facilitar a comunicación co exterior (Suárez, 2006-2008: 320).

Xa entrados no século XX, o proceso seguido será o de nova colmatación edificatoria das novas aperturas viarias, así como as repercusións, ao recinto intra muros, das novas accesibilidades operadas. Definitivamente a muralla xa perdeu a súa antiga funcionalidade e as novas aperturas introduciron unha nova orde de accesibilidade. A colmatación deste proceso será a aprobación dun Plan Xeral Municipal de Ordenación,



Plano da cidade de Lugo entre 1912 e 1921, coa circunvalación da Rolda da Muralla e a maioría das portas xa realizadas (Museo Provincial de Lugo).

en 1969, despois dos primeiros intentos frustrados de formulación dun Plan Xeral a principios dos anos 50. O novo plan, caracterizado como tódolos da súa época, pola liña de herdanza dos plans de extensión, cun sistema de vías anulares e radiais que ensamblan o conxunto, introduce un elemento que segue a gravitar, a día de hoxe, na planificación do casco urbano, a configuración dunha rolda interior á muralla.

Ao exterior, a denominada Operación Muralla Limpa (1970-73), coa demolición das 85 vivendas e negocios acaroados ao monumento e a reconstrución dos cubos e lenzos afectados, permite recuperar o monumento para os lucenses e visitantes, introducindo novos parámetros na relación da muralla coa cidade.

Esta nova visión da muralla, no só como monumento senón tamén como un elemento presente e vivo, leva a unha reflexión sobre o seu coidado e estado de conservación, de xeito que as obras de reforma e reparación foron cambiando co paso dos anos, adaptándose cada vez máis aos novos criterios de restauración. Se ben as obras de conservación, particularmente no século XIX, facíanse máis pensando na súa función defensiva, ao longo do século XX vaise resaltar cada vez máis o valor histórico da muralla como certificado de garantía da antigüidade de Lugo. Os estudos realizados na década dos anos 80, tiveron o seu colofón na redacción dun Plan Director da Muralla de Lugo (1992), que marcará as pautas de actuación na muralla nos anos vindeiros, permitindo entender o monumento e abordar as obras de restauración dende unha perspectiva máis conservadora, onde se teñen en conta outros factores que tamén inflúen na súa degradación, como a contaminación atmosférica e o tráfico.

Velaí que, por primeira vez, o tráfico aparece como un dos factores relevantes a ter en conta no diagnóstico dos problemas que afectan a conservación da muralla. As vibracións aceleran o proceso de degradación e aumentan a presión das gretas e as deformacións do monumento, por non falar dos procesos de contaminación da pedra xerados polas emisións de fumes dos vehículos.



Afostar o tráfico da muralla e promover máis tramos de peonalización contribúen a facer unha cidade máis sostible.

Este revélase como un dos novos retos aos que se enfronta a cidade, e que pasa non só por frear a degradación da muralla, creando novos espazos verdes (paseo de rolda interior) e/ou ampliando as áreas de peonalización do espazo da Rolda da Muralla, co obxectivo de afastar os coches desta, mellorando a imaxe visual na súa contorna; senón que está tamén relacionado cun modelo de cidade máis sostible e habitable, no que resulta fundamental a xestión da mobilidade e a consolidación dun modelo de espazo público diverso, eficiente e socialmente cohesionado que en definitiva aumente o grao de habitabilidade urbana, que pasa ineludiblemente pola redución da dependencia do automóbil.

Pasear e vivir a muralla

Moi poucas cidades poden gozar dun paseo peonil como o que ten Lugo, un paseo de máis de dous quilómetros de longo e mil setecentos anos de antigüidade. É por iso que o adarve é algo máis que unha parte da muralla: é unha arteria que se inmiscce no corazón dos lucenses. O adarve é o escenario das andainas, un espazo para vivir a muralla, para vivir Lugo.

Coa perda do seu carácter militar, principalmente a partir da segunda metade do século XIX, a muralla poténciase definitivamente como lugar de solaz e distracción pública.

Este interese da muralla como paseo público, xa se manifesta a partir do século XVIII. Cando en 1787 o capitán xeneral prohibe a construción de edificios acaroados á muralla por razóns de diversa índole, ordena que os tellados non rebasen a plataforma nin se molestase co fume das chemineas, «por ser o paseo o máis recomendable para ensanche e diversión dos naturais» (Abel, Arias e López, 2004: 295). O cóengo da catedral de Lugo, Joaquín Antonio del Camino, fala en 1796 da muralla como principal paseo da cidade, tanto pola súa anchura como circuíto, calculando que para dar a volta a paso acelerado necesítase media hora ben cumprida. Destaca tamén o feito de ser un paseo insubstituíble e imprescindible, sobre todo no inverno e nos días de choiva. En 1781, o deputado común, Andrés Froilán Gómez, e o procurador síndico xeral, Domingo López Taboada, piden que se repare a muralla, facendo valer entre outros argumentos, que en tempo sereno era «un moi vistoso e especial paseo para os naturais» (Abel, 2011: 91).

No século XIX a muralla continuou sendo un paseo imprescindible, porque os outros que había eran impracticábeis no inverno debido as continuas choivas. Precisamente por este motivo, o Concello preocúpase pola necesidade de mellorar o pavimento, para o cal recórrese a area de río, debido a que o pavimento orixinal de laxa de lousa con morteiro, resultaba máis irregular e incómodo para camiñar (Abel, 2011: 92).

Esta preocupación por manter o camiño de rolda superior ou adarve ben comunicado, cómodo e seguro, fixo que se provocasen tamén algunhas das agresións máis notorias ao monumento. Tal foi o caso coa ampliación do chamado paseo de inverno ou dos Cóengos, entre as portas Miñá e Santiago. En 1881, o contratista Manuel Arrieta pro-

ponlle ao Concello a derriba dos tres cubos da muralla que aínda quedaban nese tramo, dos sete que había orixinalmente (contando os de flanqueo das portas), co obxecto de facer máis ancho este paseo no adarve. Coa desaparición deste cubo o paseo gañaba 7,70 m de ancho, quedando unha zona de paseo de 158 m de longo, considerando que sería un dos mellores da poboación polo seu abrigo do Norte, exposición ao mediodía e horizonte despexado cara ao Miño (Abel, 2011: 337).

O caso contrario, que contribuíu a mellorar a conservación e a estética do paseo e do monumento en xeral, foi a eliminación do tendido eléctrico, xa que, durante moitos anos, o adarve e paramentos, acolleron postes e illadores de amarre para soste as redes de distribución. A partir de 1969, comézase a substituír as liñas aéreas por subterráneas, enterradas baixo o piso do adarve, completando os traballos en 1973, no transcurso da operación Muralla Limpa. Hoxe en día, a única instalación eléctrica que permanece sobre o adarve son as luminarias adaptadas, cunha iluminación suficiente para o uso peonil sen agredir ou desvirtuar o monumento, que posibilitan os paseos pola muralla nas horas nocturnas.

Dado que co tempo, ao igual que a muralla, a función do camiño de rolda mudou, foi xurdindo a necesidade de mellorar e ampliar o paseo e os accesos á parte alta da muralla. Para que o camiño de rolda fose máis cómodo e menos perigoso, houbo que tapiar e encher os ocos das escaleiras orixinais da muralla (que en orixe eran tantas como cubos, 85), aínda que o máis probable, tal e como revelan as últimas investigacións arqueolóxicas, é que moitas delas xa foran inutilizadas en época romana ou pouco despois. Non obstante, algúns dos antigos accesos foron reaproveitados, posto que as actuais escaleiras non se construíron ata época moderna.

Algúns destes accesos modernos estiveron relacionados con outros máis antigos, como a rampla inmediata á Porta de Santiago, que primitivamente desembocaba sobre o cubo dereito, ou como unha escaleira no lugar que hoxe ocupa a Porta do Bispo Izquierdo, onde comezaba a interrupción do adarve por estar construído o castelo ou fortaleza sobre a mesma muralla, ou como a seguinte situada despois da Porta da Estación, que veu substituír a escaleira denominada do Carril do Gato Mouro, derrubada durante a primeira guerra carlista. Tamén estaba a da Porta Falsa, que sería a romana orixinal aínda que logo substituída pola que existe na actualidade no mesmo sitio. Outra era a da Porta Nova, e por último, houbo outra romana inmediata á Porta Miñá.

Entre 1778 e 1899, foron construídas as cinco escaleiras de acceso á muralla que existen na actualidade: Cantiño (1778), Porta da Estación (despois de 1880), Porta Falsa (1887), Campo Castelo (1890) e Porta Nova (1899). Coa construción dos novos accesos, consolídase o costume de pasear polo alto desta «avenida» que é a mural-la, ao mesmo tempo que se facilita unha comunicación moito máis rápida entre diversos puntos da cidade. Grazas ás escaleiras, a cidade e os arrabaldes toman o contacto, e os lucenses séntense máis preto uns doutros porque xa non existe muro algún que os separe.



A muralla é, fundamentalmente, un espazo para ser andado e para ser vivido.

Co paso do tempo, o uso da muralla como paseo público fíxose cada vez máis frecuente, e igualmente foise diversificando a tipoloxía dos usuarios e a funcionalidade da muralla neste sentido. Agora, a muralla está aí, accesible para todo o mundo¹. Na actualidade, os lucenses e os foráneos entenden o recinto e en particular o seu paseo superior como unha parte máis da cidade e dos seus ámbitos vivenciais, e a maiores dos seus valores históricos e arqueolóxicos.

Os visitantes consideran o paseo pola muralla como unha das principais actividades que cómpre realizar na cidade, por diante da visita á catedral ou comer nalgún restaurante.

A muralla é hoxe, un espazo fundamentalmente de ocio e cultura. Os lucenses aproveitan o bonito paseo no alto da muralla para camiñar, conversar, ler, reflexionar, xogar, facer deporte ou relaxarse. A muralla é un lugar para todo o mundo: nenos e vellos, familias e grupos, para deleitarse en soidade e para o que busca compañía. É un lugar para mirar e admirar. En definitiva, un camiño para ser andado e para ser vivido.

1 A accesibilidade universal á muralla conseguiuse no ano 2015 coa construción dun ascensor, que permite o acceso de persoas con mobilidade reducida e en cadeira de rodas.

Bibliografía

- Abel Vilela, de A. (1975). 200 años de obras y restauraciones en la muralla de Lugo. (Ed. Autor). Lugo.
- Abel Vilela, de A. (2004). Reformas y reparaciones. En La Muralla de Lugo. Patrimonio de la humanidad (pp. 167-250). Lugo: Concello de Lugo.
- Abel Vilela, de A. (2011). A muralla romana de Lugo na documentación dos séculos XVI ao XX. Lugo: Deputación de Lugo.
- Abel Vilela, de A., Arias Vilas, F. e López de Rego, J. I. (2004). Los usos de la muralla. En La Muralla de Lugo. Patrimonio de la humanidad (pp. 289-304). Lugo: Concello de Lugo.
- Prado Gómez, A. e Reboredo Pazos, J. (2001). El desarrollo urbano de Lugo en el siglo XIX. Croa, 11, pp. 45-62.
- Suárez Piñeiro, A.M^a. (2006-2008): O desenvolvemento territorial dunha cidade con 2000 anos de historia: Lucus Augusti. Boletín do Museo Provincial de Lugo, 13, pp. 311-323.

A muralla, ben patrimonial e reclamo turístico

Paloma Vázquez Fernández

Servizo de Turismo da Xunta de Galicia, Lugo

Comezarei por comentar que o título da intervención veume dado e que o termo «reclamo» non me agrada porque semella facer referencia a unha captura con engano, como de «caza» ao turista. Prefiro falar de recurso turístico como un ben que, coa intermediación humana, fai posible a actividade turística.

Atopamos na bibliografía moitas definicións de patrimonio cultural pero creo que a máis completa é a que vén recollida na Lei de patrimonio cultural de Galicia: «O patrimonio cultural de Galicia está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo»¹. Non imos entrar na evolución do concepto de patrimonio cultural, simplemente ver como na actualidade, dende o punto de vista normativo, ten un carácter amplo e inclusivo.

Avanzando nas definicións, teríamos a xestión turística do patrimonio cultural como a aplicación de coñecementos específicos para a conversión de bens patrimoniais en recursos turísticos. Os coñecementos para esta xestión virán de disciplinas distintas cun obxectivo primordial: preservar a herdanza que os bens representan. Unha vez garantido isto, é posible poñer en relación o ben cun contexto social e económico máis amplo.²

1 Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG nº 92, de 16 de maio de 2016). Art.1,2.

2 VELASCO GONZÁLEZ, María: *Gestión Turística del Patrimonio Cultural: enfoques para un desarrollo sostenible del turismo cultural*. Universidad de Murcia. Cuadernos de Turismo, nº23 (2009). Pax, 238.

O verdadeiro valor do patrimonio é que sexa recoñecido como valioso polos membros da sociedade na que está inmerso. Esta conexión permite que os bens manteñan a súa capacidade simbólica e transmitan os valores ás xentes ás que representan, aínda que modificaran o seu uso orixinal (como é o caso da Muralla). Neste contexto, o turismo e as actividades que desenvolven os turistas convértense nunha oportunidade para outros bens diseminados polo territorio, que pasa a ser percibido como un destino turístico global.³

No caso de Lugo, a Muralla debería funcionar como «locomotora» que tire de todo o patrimonio que ofrece o territorio. É un recurso suficientemente potente como para mobilizar o interese por outros recursos que, por si sós, terían unha capacidade de atracción limitada pero, en conxunto, poden conformar un produto turístico.

A primeira actuación encamiñada á posta en valor (cando non se utilizaba este termo) da Muralla con fins patrimoniais e pensando no uso turístico, foi a *Operación Muralla Limpia*. A comezos do século XVIII o concello necesitaba fondos e recorreu a alugar os espazos existentes entre os cubos por unha renda anual de catro reais cada un, coa finalidade de que construísen edificios ou fixesen hortos. Así, a Muralla quedou oculta en boa parte do seu perímetro por construcións de distinta tipoloxía, estilo e valor arquitectónico.

No ano 1953, o Concello, en colaboración coa Dirección General de Bellas Artes, comezou unha campaña para eliminar as construcións apegadas á Muralla pero fíxoo moi timidamente por falta de recursos económicos.⁴

Así hai que esperar a 1971 cando Ramón Falcón, como subdirector general de Bellas Artes, propón un decreto polo que se declara de utilidade pública a expropiación de 81 edificios pegados á Muralla. O proceso foi rápido e «limpo» e obrigou a restaurar 7,500 m² de paramento e á reconstrución de 15 cubos.

Os criterios desta actuación foron cuestionados anos despois, como todas as intervencións que se fan en patrimonio, con argumentos que foron dende a crítica á non conservación selectiva dalgunha construción ata opinar que a intervención quedou inacabada por non desenvolverse a rolda interior.

O que si é certo é que a partir dese momento Lugo mostra con orgullo a súa Muralla e esperta o interese por visitala e percorrela.

Son consciente de que ao «sector patrimonial» asústalle os termos turísticos: destino, produto, paquete, venda, comercialización... que son percibidos como unha ameaza á conservación do seu «tesouro» e non como unha oportunidade de difusión, conservación e coñecemento. En moitos casos, percibo unha posición elitista da cultura: de sabios para sabios que, por suposto, desprezo profundamente.

3 VELASCO GONZÁLEZ, María: *Gestión Turística...* cit. Pax, 239.

4 VVAA(Coord. Adolfo de Abel Vilela): *A Muralla de Lugo. Patrimonio da Humanidade*. Ed. Excmo. Concello de Lugo. 2007. Páxs. 248-249.

O turismo e o ocio son actividades consubstanciais á sociedade contemporánea e, por tanto, non chega con definilas dende unha perspectiva elitista como banalizadoras do patrimonio, pois trátase dun movemento social colectivo cunhas previsións da OMT para o 2030 de 1.800 millóns de desprazamentos turísticos.

Nas cartas e recomendación internacionais (UNESCO, OMT, Organización de Cidades Patrimonio da Humanidade, etc.) promúlgase a necesidade de reformular os nosos modelos de xestión patrimonial e de desenvolvemento turístico. A lectura do territorio como patrimonio, a dimensión cultural e turística da paisaxe deberían conducir a fórmulas de xestión diferentes ás que había cando só o monumento se entendía como patrimonio cultural.⁵

Cando falamos de xestionar os bens de patrimonio cultural para que formen parte da oferta turística dun espazo determinado, estamos poñendo en conexión dous mundos cuxas culturas, principios, valores e referencias son moi diversos entre si. Ambos poden ter interese en complementarse co outro, pero tamén reticencias cara a unha posible colaboración.

Esta problemática complícase por varias razóns:

- Porque ambos os sectores están a sufrir unha rápida transformación impulsada polo comportamento dos cidadáns respecto da cultura, o turismo e a consideración social de ambos.
- Porque, aínda que non haxa un enfrontamento claro en cuestión esenciais, ambos os sectores teñen prioridades distintas.
- Porque en ambos os casos se toman decisións que afectan o funcionamento doutro sector sen que exista ningunha tradición de traballo en común e ningunha estratexia asentada de coordinación.

Inicialmente o turismo que se achegaba aos bens de patrimonio cultural era unha actividade realizada por un número pequeno de visitantes dun nivel socioeconómico medio/alto, con formación de nivel superior, con conciencia medioambiental e que aprecia as diferenzas culturais. Neste caso a posibilidade de conflito é moi baixa pero, cando aumenta a demanda e o sector turístico incorpora o patrimonio cultural como parte da súa oferta, o perfil do visitante xa non é do agrado dos xestores do patrimonio e aumentan as posibilidades de desencontro. Como dato, a OMT estima que o turismo

5 TROITIÑO VINUESA, Miguel Ángel e TROITIÑO TORRALBA, *Libertad: Patrimonio y turismo: reflexión teórica-conceptual y una propuesta metodológica integradora aplicada al municipio de Carmoña (Sevilla, España)*. Scripta Nova. Revista Electrónica de Geografía y Ciencias Sociales. Barcelona: Universidad de Barcelona, 1 de septiembre de 2016, vol. XX, nº543. Pag.5

cultural representa preto do 37% do total do sector turístico, cun crecemento anual de arredor do 15%. Así mesmo, en Galicia o turismo supón o 11% do PIB.⁶

Por outra banda, o turismo desenvólvese nun escenario protagonizado basicamente polo sector privado, que vive de obter beneficios económicos, mentres que o patrimonio cultural ten detrás ao sector público cuxo fin é obter beneficios sociais. Isto é, perseguen fins diferentes.

Os valores que representan tamén os enfrontan: para o turismo os bens patrimoniais teñen un valor de uso (son valiosos por completar o interese dun destino) mentres que para o patrimonio teñen un valor simbólico (representan o que a comunidade aportou ao conxunto da cultura).

Visto así parecen dous mundos antagónicos e diverxentes que se opoñen en valores, fins, destinatarios, xestión... pero hai novas dinámicas que fan aflorar factores de converxencia:

En turismo, o sector privado está obrigado a diversificar produtos e innovar se quere manter a súa competitividade. Isto coincide coa consideración do consumo cultural como algo distinguido. Ambas as razóns, competitividade e prestixio social, fan o turismo cultural un produto de grande interese, aínda que lle supoña ao sector privado enfrontarse á posibilidade de contribuír ao sostemento dos bens.

Polo que respecta ao sector público, hai tempo que reflexiona sobre a procura de fontes de financiamento complementario que axuden ao custoso mantemento do patrimonio. Así os xestores de patrimonio ven como se reducen os fondos públicos e tratan de incorporar criterios económicos que garantan a supervivencia dos bens. É facer compatible o mantemento de beneficios sociais coa incorporación de ferramentas que permitan obter fondos para cumprir cos obxectivos.

En canto aos actores, o sector privado do turismo comeza a recoñecerlle un papel importante ao sector público a través das políticas turísticas (no caso de Galicia co Cluster) que traballamos pola sostibilidade do sector. No bando do patrimonio cultural empeza a articularse un espazo que desenvolve a súa actividade no sector privado, son poucas empresas pero que están a medrar dun xeito sostido.

O perfil do turista diversifícase optando por propostas máis complexas e sofisticadas, á vez que as institucións que xestionan o patrimonio cultural buscan ampliar públicos.

En canto aos valores básicos que as dúas partes outorgan aos bens patrimoniais apréciase unha confluencia cara á busca dunha eficacia na xestión que garanta a prioridade que sempre debe ser a conservación dos bens⁷ (caso da Praia das Catedrais).

Os destinos patrimoniais reciben unha afluencia crecente de turistas e excursionistas, o que pode implicar riscos e romper equilibrios precarios e require da cooperación

6 SORO, Elsa e GONZÁLEZ, Yadur: *Patrimonio cultural y turismo: oportunidades y desafíos de la valorización turística del patrimonio*. OSTELEA (School of Tourims & Hospitality). Pag.5

7 VELASCO GONZÁLEZ, María: *Gestión Turística...* cit. Pag, 241-243.

na conservación e xestión activa e responsable do patrimonio cultural. O Manifesto de Santiago de Compostela a favor da conservación activa e xestión sostible das Cidades Patrimonio da Humanidade de 1999 recollía a necesidade dun maior compromiso social co patrimonio e unha implicación máis explícita do sector turístico na conservación, unha aproximación de enfoques territoriais, patrimoniais e turísticos.⁸

Afirmo que o obxectivo básico na xestión turística do patrimonio cultural é a conservación do ben. O deseño dunha política de conservación será a base da posterior proposta de xestión na que, como principios, se terá en conta:

- Como protexer o recurso dos danos causados pola utilización turística.
- Como establecer estratexias que permitan a conservación dos elementos materiais que poidan ser danados.
- Como conservar o carácter cultural e simbólico do espazo que pretende converterse en produto turístico.

Trasladando esta teoría xenérica ao caso da Muralla temos que protexela dos danos causados non polos turistas senón pola propia Administración e a poboación local. Como exemplo, temos actuacións realizadas polas distintas administracións na contorna da Muralla que non se lle permitirían a un particular (Edificio da Xunta, Vicerreitoría, Vello Cárcere), sobre a propia Muralla (colocación de luces de festas) e a falta de vixilancia e control que propicia o vandalismo nocturno.

Os fluxos turísticos deben manexarse en función da capacidade de acollida dos destinos porque, cando os visitantes empezan a ser numerosos, hai que formular políticas de ordenación de acollida, infraestruturas e servizos. Neste senso, a presión turística á que está sometida Lugo é mínima. Os problemas de despoboamento dentro de murallas non poden achacarse á xentrificación, xa que no recinto histórico unicamente hai 3 hoteis, 2 pensións, 1 albergue turístico e 24 vivendas de uso turístico.⁹ Innda que hai en proxecto varias iniciativas privadas de aloxamento turístico, queda moita marxe de crecemento ata que poida chegar a xerar algunha disfunción social.

A conservación dos elementos materiais da Muralla está, en principio, garantido a través do Plan Director.

En canto á conservación do carácter cultural e simbólico do espazo, a mellor forma de que os turistas coñezan e respecten o patrimonio do lugar que visitan é, que dalgún xeito, se sintan identificados. Para iso deben ser observadores activos, que che-

8 Actas del 5º Coloquio Internacional de las Ciudades del Patrimonio Mundial. Santiago de Compostela, 20-24 de octubre de 1999. Organización de las Ciudades Patrimonio Mundial. Pags. 296-297.

9 REAT (Registro de Empresas e Actividades Turísticas)

guen a crear un sentimento a través do feito da observación e o coñecemento. Neste senso quixera sinalar a creación, a través do Plan de Excelencia Turística de 2003, do Centro de Interpretación da Muralla. Trátase dunha dotación cultural moi correcta que lle ofrece ao visitante unha lectura do significado da Muralla mais alá dun muro de pedra moi vello.

Asumido xa que sen conservación non hai actividade nin turística nin cultural, toca facelo sostible, o que supón un reto que precisa que se comprenda a necesidade de establecer unha nova forma de traballo, baseada na colaboración e consenso e que a clave é comprender que a planificación esixe hoxe o exercicio consciente da responsabilidade compartida, con fórmulas de xestión baseadas na creación de instrumentos de cooperación interadministrativa.

Para que a xestión turística de patrimonio cultural sexa un espazo de traballo consistente é necesario evitar a improvisación e o traballo voluntarista, é dicir, a profesionalización.

Na era dixital na que vivimos, a posta en valor do patrimonio con finalidades turísticas, pode contar coas oportunidades que ofrecen as TIC para asegurar unha maior interacción e integración do visitante na contorna. O desenvolvemento de tecnoloxías innovadoras baseadas na realidade aumentada e en solución de proxección inmersiva fai posibles experiencias personalizadas dos territorios ou do patrimonio cultural tanto tanxible como inmaterial.

Ademais, grazas aos datos masivos, podemos dispoñer dunha enorme cantidade de información relativa ás prácticas e hábitos tanto de turistas como de residentes.¹⁰

A Convención de 1972 para a Protección do Patrimonio Mundial Cultural e Natural establece que certos lugares da Terra cun «valor universal excepcional» pertencen ao patrimonio común da humanidade.¹¹

Actualmente, 190 países ratificaron esta Convención e forman parte dunha comunidade internacional unida na misión conxunta de identificar e protexer o patrimonio natural e cultural máis importante do planeta. A Lista de Patrimonio Mundial inclúe na actualidade un total de 1.092 sitios (845 culturais, 209 naturais e 38 mixtos) en 167 Estados.

A Muralla foi declarada Patrimonio da Humanidade no ano 2000, o que supuxo un recoñecemento, un compromiso de conservación e un suposto motor turístico. Soubo aproveitarse o tirón promocional da declaración para incrementar o número de visitantes?

Analizando os datos de viaxeiros, pernoctacións, estancia media, prazas hoteleiras e ocupación dende o ano 2003, que temos datos continuados, vemos:

10 SORO, Elsa e GONZÁLEZ, Yadur: *Patrimonio cultural y turismo...* cit. Pag. 25

11 http://portal.unesco.org/es/ev.php-URL_ID=13055&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html

- Unha tendencia positiva ata o ano 2008 de inicio da crise, descenso ata o ano 2012-13 para comezar de novo unha tendencia positiva ata 2018. Este comportamento encaixa, en liñas xerais, co conxunto da Comunidade.
- Os momentos que rompen a tendencia con subidas importantes son os anos xacobeos de 2004 e 2010.
- A comparación a 2018 mostra un crecemento na cifra de viaxeiros aloxados do 24% e de número de noites do 47%. O nivel de ocupación de 2018 marca un máximo histórico cun 48.7% de media, 14 puntos por riba da cifra rexistrada en 2003.¹²

A declaración de Patrimonio da Humanidade non prexudicou no movemento turístico pero tampouco pode considerarse que tivera un impacto que diferenciase substancialmente o comportamento turístico de Lugo do resto de Galicia.

De tódolos xeitos, creo que hai que superar as políticas turísticas preocupadas unicamente por crecementsos cuantitativos (consultas, viaxeiros, pernoctacións...) e apostar por enfoques integrais de natureza cualitativa que, ademais de contribuír a poñer en valor novos recursos, axuden a articularlos, contribúan a difundir territorialmente a actividade turística e a enriquecer a experiencia dos visitantes.

No Plan Estratéxico de Turismo de Galicia 2020¹³, despois dos pasos de diagnose, establécense varias liñas estratéxicas de actuación, a primeira das cales é «Paisaxe, recursos naturais e sostibilidade». Dentro desta liña, desenvólvense catro obxectivos estratéxicos:

- Pulo ao uso turístico sostible da paisaxe. Ecoturismo
- Recuperación e mantemento de núcleos singulares
- Control da capacidade de carga e redistribución de fluxos turísticos
- Sostibilidade das infraestruturas turísticas

En cada unha destas liñas descríbense accións concretas presupostadas, priorizadas e nas que se enumeran os axentes implicados por ser o turismo unha actividade transversal.

12 Datos facilitados pola Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia.

13 <https://www.turismo.gal/docs/mdaw/mjk2/~edisp/turga296028.pdf>

Bibliografía

- Actas del 5º Coloquio Internacional de las Ciudades del Patrimonio Mundial. Santiago de Compostela, 20-24 de octubre de 1999. Organización de las Ciudades Patrimonio Mundial.
- ALFONSO, María José Pastor. (2003). El patrimonio cultural como opción turística. *Horizontes Antropológicos*, 9 (20), 97-115. <https://dx.doi.org/10.1590/S0104-71832003000200006>
- BALLART, Josep y JUAN I TRESSERAS, Jordi: Gestión del patrimonio cultural. Ed. Ariel. Barcelona, 2001.
- CALLE VAQUERO, Manuel De La: La ciudad histórica como destino turístico. Ed. Ariel, Barcelona, 2001.
- http://portal.unesco.org/es/ev.php-URL_ID=13055&URL_DO=DO_TOPIC&URL_SECTION=201.html
- ORO, Elsa e GONZÁLEZ, Yadur: Patrimonio cultural y turismo: oportunidades y desafíos de la valorización turística del patrimonio. OSTELEA (School of Tourism & Hospitality).
- TROITIÑO VINUESA, Miguel Ángel e TROITIÑO TORRALBA, Libertad: Patrimonio y turismo: reflexión teórico-conceptual y una propuesta metodológica integradora aplicada al municipio de Carmona (Sevilla, España). *Scripta Nova. Revista Electrónica de Geografía y Ciencias Sociales*. Barcelona: Universidad de Barcelona, 1 de septiembre de 2016, vol. XX, nº543.
- VELASCO GONZÁLEZ, María: Gestión Turística del Patrimonio Cultural: enfoques para un desarrollo sostenible del turismo cultural. Universidad de Murcia. Cuadernos de Turismo, nº23 (2009).
- VUJICIC-LUGASSY, Vensa y FRANK, Laura (Coord.): Gestión del Patrimonio Mundial Cultural. Col. Manual de Referencia Patrimonio Mundial. UNESCO. Paris, 2014.
- VV.AA. (Coords. Adolfo de Abel Vilela / Felipe Arias Vilas): A Muralla de Lugo. Patrimonio da Humanidade. Ed. Excmo. Concello de Lugo. 2007.

AS GRANDES MIGRACIONES HUMANAS. VARIANTES E EVOLUCIÓN HISTÓRICA

Las migraciones humanas en el mundo actual: una síntesis geográfica

Antonio Doval Adán
Universidad de Santiago de Compostela

1. Introducción

El fenómeno migratorio es tan antiguo como la propia humanidad, ya que los seres humanos, por diferentes motivos y circunstancias, se han desplazado de manera constante a lo largo de la historia: unas veces incentivados por la búsqueda de nuevas tierras de cultivo y en otras ocasiones obligados por las guerras y las catástrofes naturales. De hecho, el hombre moderno inició su dispersión por el mundo desde África, su cuna de origen según diversas fuentes (Simon, 2010), y se estima que comenzó a emigrar hacia otros continentes y territorios hace casi 1,8 millones de años, a tenor de las conclusiones de algunos autores (Gamrasni, 2010).


A principios del siglo XXI, inmersos en un polémico proceso de globalización económica y cultural generalizado, bajo el control ideológico del capitalismo global y de las nuevas tecnologías de la información y la comunicación, caracterizado por el constante flujo de mercancías, capitales y bienes que cruzan espacios y fronteras sin límites, los inmigrantes, y en particular la inmigración irregular, han adquirido una visibilidad especial y se han convertido en una de las preocupaciones prioritarias de muchos países occidentales. Por ello, me ha parecido oportuno redactar esta pequeña comunicación con el único propósito de analizar, de una manera didáctica y sintética, el impacto de las migraciones humanas en el mundo actual. De este modo, el trabajo aparece estructurado en cuatro apartados: en el primero se aborda la dimensión global del fenómeno

migratorio, en el segundo se profundiza en el volumen de las migraciones forzosas y sus causas principales, mientras que el tercero y cuarto apartado están dedicados al estudio de las migraciones laborales y económicas hacia las grandes aglomeraciones urbanas y al análisis de la inmigración en Europa y España respectivamente.

Para la elaboración de este trabajo, se ha recurrido esencialmente a la información estadística y documental de carácter oficial difundida por: la Organización Internacional para las Migraciones (OIM), la Alianza Mundial del Conocimiento sobre Migración y Desarrollo (KNOMAD), el Departamento de Asuntos Económicos y Sociales de las Naciones Unidas (UN DESA), el Alto Comisionado de las Naciones Unidas para los Refugiados (ACNUR), la Oficina Estadística de la Unión Europea (Eurostat) y el Observatorio Permanente de la Inmigración. También se ha procedido a la consulta de los estudios y publicaciones específicas que aparecen referenciadas en el apartado de bibliografía. No obstante conviene precisar, como bien apunta Grinblat (2010), que las informaciones y estadísticas sobre migraciones y movimientos migratorios son en general muy imperfectas e incompletas. Además, no existen datos ni estadísticas oficiales publicadas por los organismos gubernamentales sobre el número de emigrantes ilegales residentes por países y regiones, y los estudios disponibles sobre esa temática nos ofrecen solamente estimaciones y cálculos estadísticos muy aproximativos. Es por ello, que los expertos recomiendan centrarse en analizar los stocks de inmigrantes y no profundizar demasiado en los flujos migratorios irregulares, debido a la escasa fiabilidad de los datos que se facilitan o a su visión parcial.

Figura 1

Evolución del número de migrantes en el mundo entre 1990-2018 (en millones)




Fuente: OIM, 2018; KNOMAD, 2019 y elaboración propia

2. La dimensión global del fenómeno migratorio

Según las publicaciones e informaciones estadísticas recopiladas por la OIM y KNO-MAD, a finales de 2018 había en el mundo 266 millones de migrantes, lo que representa el 4% de la población mundial. De esta cifra, el 60% son migrantes laborales, un 27% corresponden a migraciones forzosas, el 14% son niños, el 2% son estudiantes que participan en programas de movilidad internacional, y del total de migrantes contabilizados, las mujeres constituyen el 48 por ciento.

Los datos que aparecen en la Figura 1 ponen de relieve que el número de migrantes en el mundo no ha dejado de crecer desde 1990, pasando de 153 millones en ese año a los 270 actuales, esto quiere decir que en 30 años la cifra de migrantes casi se ha duplicado.

Figura 2
Los grandes flujos migratorios en el mundo actual



Como se puede apreciar en el mapa de la Figura 2, los grandes flujos migratorios internacionales tienen como origen los países del Sur y como destino preferente América del Norte, el Espacio Económico Europeo, países del Golfo, Japón, Australia y Nueva Zelanda. En este sentido, la OIM estima que del total de stocks de migrantes que hay en el mundo, el 84% tienen como residencia de destino América del Norte, Europa y Asia, mientras que el 68% proceden de Asia y de Europa (sobre todo de Europa del Este) y el 30% restante de América Latina y África (Figura 3).


Figura 3
Distribución territorial de los migrantes en el mundo actual (en millones)

Conjunto territorial	Procedencia	Destino
América del Norte	5	58
América Latina y Caribe	39	10
África	38	25
Asia	110	80
Europa	64	78
Oceanía	2	8
Total	258	258

Fuente: UN DESA, 2017 y OIM, 2018

Entre las causas de las migraciones laborales y de tipo económico están la excesiva pobreza y los profundos problemas estructurales que afectan a los países de origen, los efectos negativos de las condiciones climáticas extremas y el progresivo calentamiento global, así como la carencia de tierras de cultivo en propiedad y la tendencia generalizada a la compra masiva de tierras cultivables en países pobres de África, Asia y América Latina, por parte de grandes grupos multinacionales y de poderosos grupos financieros e inversores extranjeros (sobre todo de China, países árabes, Japón y Europa), que pueden poner en peligro la seguridad alimentaria de muchos países en desarrollo, al provocar la expulsión de millones de campesinos de sus tierras y posesiones históricas. A este respecto es muy clarificador el trabajo realizado por A. Méndez sobre el acaparamiento de tierras y su impacto a escala mundial (Méndez, 2012) así como los sucesivos informes publicados por la FAO sobre las adquisiciones masivas de tierras en África y otros continentes (Cotula y otros, 2009 y FAO, 2017). En dichos trabajos se constata que desde el año 2000 han pasado a manos extranjeras más de 40 millones de hectáreas y se han formalizado por escrito más de 1.100 compraventas. De igual forma, se comentan estimaciones realizadas por algunos autores sobre la posibilidad de que unos «60 millones de personas en el mundo corren el riesgo de ser expulsados de sus tierras por la fiebre de los biocombustibles» (Méndez, 2012, p. 12). Estos datos y predicciones futuras vienen a confirmar la importancia creciente que está teniendo la compra de tierras en países pobres, por parte de grupos extranjeros, en los desplazamientos internos de la población y procesos migratorios actuales.

Figura 4




3. Las migraciones forzadas

